



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/U004/000009. Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovidos pola sociedade Cobre San Rafael SL.

ANTECEDENTES

Acordo do 24 de xuño de 2024, do Consello da Xunta de Galicia, declarando o proxecto Cobre San Rafael como proxecto industrial estratéxico (PIE).

Acordo, do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovidos pola sociedade Cobre San Rafael SL. (DOG núm. 226 de 22.11.2024).

Anuncio do 12 de decembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, de emenda do acceso á documentación incluída no Acordo do 14 de novembro de 2024 polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, declarado como proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do 24 de xuño de 2024, do Consello da Xunta de Galicia, e situado nos termos municipais de Touro, O Pino, Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L. (DOG núm. 242 de 17.12.2024).

CONSIDERACIÓNS.

O Concello de Touro, como administración pública afectada, mediante o presente e en virtude dos aspectos recollidos no Informe Técnico que se adxunta, fai constar o seu rexeitamento ao proxecto Cobre San Rafael emprazado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra); promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

O informe técnico elaborado trala análise da documentación achegada (Resumo Non Técnico, Proxecto de Explotación, Plan de Restauración, Proxectos Técnicos das liñas eléctricas, Estudo de Impacto Ambiental), pon de manifesto a **incompatibilidade do proxecto Cobre San Rafael cos valores ambientais, paisaxísticos e socioeconómicos da área afectada**; así como as **deficiencias da documentación presentada pola promotora**. Ademais, a posta en marcha do proxecto non resolverá os problemas de contaminación derivados da antiga mina e da recente actividade relativa aos tecnosolos.

Conforme ao principio de acción preventiva e cautelares da normativa de avaliación ambiental, e conforme a procura do benestar da veciñanza do concello de Touro conclúese o seguinte respecto do proxecto Cobre San Rafael:

- O territorio galego non conta cun Plan Sectorial de Actividades Extractivas aprobado nin sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE).
- O órgano ambiental debe resolver a **inadmisión a trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto Cobre San Rafael**, dado que un proxecto substancialmente análogo ao presentado xa recibiu unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable.
- O proxecto **impide realizar unha restauración ambiental** a curto prazo, nun espazo con condicións ambientais en estado moi grave que precisan ser revertidas con urxencia. Impide recuperar o benestar da veciñanza.
- **Máis de 670 de veciños de Touro e O Pino residen a menos de 500 m do ámbito de actuación do proxecto.** A proximidade dos núcleos de poboación implica **efectos negativos significativos no benestar da veciñanza**: perda de calidade acústica, perda de calidade do aire, inseguridade vial, impacto visual e paisaxístico, riscos asociados á instalación das balsas, afeccións aos sistemas de abastecemento de auga, etc.

- A rede municipal de abastecemento de auga de Touro non cubre a demanda solicitada pola promotora do proxecto mineiro.
- O proxecto **afecta ás captacións de abastecemento de auga da zona**, as pertencentes a traída municipal de Touro, así como captacións privativas e veciñais. A promotora non identifica nin avalía esta afección.
- O proxecto provoca **afeccións directas severas á rede fluvial** da zona que verte as súas augas ao río Ulla (**ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza**, espazo da **Rede Natura 2000**) e ao **ciclo hídrico**.
- O proxecto provoca limitacións nos aproveitamentos dos terreos afectados, con **implicacións negativas no sectores agrogandeiro e forestal**.
- O proxecto sería un **gran emisor de gases de efecto invernadoiro**, non permite a mitigación do Cambio Climático.
- O proxecto xera afección sobre os valores paisaxísticos, culturais e naturais do **Camiño de Santiago**, afectando ao **turismo**.
- O proxecto xera afección sobre a **calidade paisaxística** da zona. Afecta a núcleos de poboacións próximos. Afecta ao Miradoiro do Couto de San Sebastián e elimina o Miradoiro de O Picón.
- O proxecto xera afección sobre os valores da ruta cicloturística Eurovelo.
- A **documentación presentada pola promotora resulta insuficiente** como para aportar resultados concluíntes e garantistas, dada a falta de información, estudo e análise de varios aspectos relevantes. Considérase necesario que a promotora resolva as deficiencias sinaladas e o EslA se complete co seguinte:
 - Cartografía en formato dixital vectorial compatible con SIX.
 - Estudo de afeccións a bens de titularidade municipal: vertedoiro.
 - Alternativa de desvío da estrada que conecta os núcleos de O Pedrouzo e Os Torreis de Abaixo viable.
 - Análise completa da alternativa cero.
 - Reportaxe fotográfica completa.
 - Planos do Proxecto de Execución con lendas.
 - Autoría, titulación e profesión regulada das persoas autoras do Anexo 29 EIIP do EslA. Así como a inclusión de infografías ou simulacións das actuacións do proxecto nas diferentes fases.
 - EIIP da liña de alta tensión de subministro.
 - Corrección das erratas nos proxectos técnicos das liñas eléctricas de subministro.
 - Inclusión de tódolos pasivos ambientais da anterior mina no ámbito do proxecto.
 - Estudo de efectos sinérxicos e acumulativos con outros proxectos incluídos no ámbito do proxecto (produción de áridos, produción de tecnosoles, etc.) así como outros proxectos en tramitación na contorna ou con impactos asociados (como, o proxecto GAMA).
 - Estudo multidisciplinar das afeccións aos valores do Camiño de Santiago (tanto para o Camiño Francés como para a ruta histórica de Quión a Arca).
 - Informe sobre as patoloxías perigosas para a saúde derivadas da minería.
 - Estudo epidemiolóxico.
 - Estudo das afeccións aos antigos vertedoiros existentes no ámbito, incluído o vertedoiro municipal selado e clausurado.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- Estudo de fauna baseado en traballo de campo, e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza de quirópteros e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*) e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza do coleóptero *Silphotrupes punctatissimus* e avaliación dos impactos.
- Plan de xestión e erradicación de especies vexetais exóticas invasoras.
- Estudo da aplicación dos tecnosolos (ámbito de aplicación, metodoloxía, etc.).
- Plan de evacuación da poboación en caso de rotura das balsas.
- Estudo da afección á calidade do aire, confort sonoro e seguridade vial sobre os núcleos de poboación polos que discorren as rutas de transporte asociados ao proxecto.

Ao abeiro do referido anteriormente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Que se dean por presentadas as alegacións ao acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

SEGUNDO. No caso de que o proxecto sexa admitido a trámite polo órgano ambiental, o Concello de Touro solicita a emisión dunha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable e a retirada definitiva do proxecto Cobre San Rafael.

TERCEIRO. O Concello de Touro insta á administración autonómica a esixir aos titulares da concesión mineira a completa restauración dos terreos degradados, así como a resolver a contaminación das augas. Estas obrigas, asumidas pola empresa no momento de adquisición dos terreos e dereitos da concesión mineira, deben cumprirse de forma rigorosa para garantir a recuperación ambiental e a protección dos recursos naturais da zona.

CUARTO. Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Touro, Roberto Castro Rocamonde, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

INFORME TÉCNICO MUNICIPAL

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (AIA) e
PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DOS DEREITOS MINEIROS DO:**

PROXECTO COBRE SAN RAFAEL

Xaneiro 2025

A/A:

Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia

Proxecto:

Proxecto Cobre San Rafael emprazado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra); promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

Tramitación:

Procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) ordinaria
Procedemento de outorgamento dos dereitos mineiros

Administración Pública afectada:

Concello de Touro

Documento:

Informe Técnico Municipal

Equipo técnico redactor:

Tysgal Medioambiente S.L.

PRONUNCIAMENTO DO CONCELLO DE TOURO

O Concello de Touro, como administración pública afectada, mediante o presente escrito e en virtude dos aspectos recollidos neste Informe Técnico, **fai constar o seu rexeitamento ao proxecto Cobre San Rafael** emprazado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra); promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

O informe técnico elaborado trala análise da documentación achegada (Resumo Non Técnico, Proxecto de Explotación, Plan de Restauración, Proxectos Técnicos das liñas eléctricas, Estudo de Impacto Ambiental), pon de manifesto a **incompatibilidade do proxecto Cobre San Rafael cos valores ambientais, paisaxísticos e socioeconómicos da área afectada**; así como as **deficiencias da documentación presentada pola promotora**. Ademais, a posta en marcha do proxecto non resolverá os problemas de contaminación derivados da antiga mina e da recente actividade relativa aos tecnosolos.

No caso de que o proxecto sexa admitido polo órgano ambiental, **o Concello de Touro solicita a emisión dunha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable e a retirada definitiva do proxecto Cobre San Rafael**.

Por último, o Concello de Touro insta a administración autonómica a esixir aos titulares da concesión mineira a completa restauración dos terreos degradados, así como a resolver a contaminación das augas. Estas obrigas, asumidas pola empresa no momento de adquisición dos terreos e dereitos da concesión mineira, deben cumprirse de forma rigorosa para garantir a recuperación ambiental e a protección dos recursos naturais da zona.

CONCELLO DE TOURO

Enderezo postal: Rúa Isabel II, 26, Fonte Díaz. CP 15822, Touro (A Coruña)
Teléfono: 981 50 40 29; 981 50 40 00. Fax: 981 50 41 10.
Enderezo electrónico: correo@concellodetouro.gal

Asdo.: D. Roberto Castro Rocamonde, Alcalde do Concello de Touro

PETICIONARIO

O Concello de Touro recibe na data 22/11/2024 por parte do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, unha solicitude de informe municipal, cuxa remisión será nun prazo máximo de 30 días hábiles, sobre o **Proxecto Cobre San Rafael** emprazado nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) e promovido pola sociedade Cobre San Rafael S.L. O citado informe solicítase ao abeiro do artigo 37 da *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*, do artigo 23 da *Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia* e do artigo 37 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*.

A Alcaldía do Concello de Touro encarga o informe técnico á empresa TYS&AL Medioambiente S.L., co obxectivo de dar cumprimento á solicitude recibida.

Posteriormente, con data do 09/12/2024, o Concello de Touro presenta un escrito ante o Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Economía e Industria onde se advirte do erro na descarga dun arquivo (EslA37 - Anexo 35 -Cartografía ambiental da carpeta "4-Estudio Ambiental") e solicita a ampliación do prazo de consulta e exposición pública.

Con data do 13/09/2024 o Concello de Touro recibe a comunicación do citado Dto. onde se achega o enlace de descarga correcto da documentación e a notificación de ampliación de prazo (30 días hábiles) a contar dende o día seguinte a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). No [DOG n.º 242 do 17/12/2024](#) publicábase o anuncio de emenda do acceso á documentación do proxecto, tralo escrito de advertencia e solicitude presentado polo Concello de Touro.

CONCELLO DE TOURO

Enderezo postal: Rúa Isabel II, 26, Fonte Díaz. CP 15822, Touro (A Coruña)
Teléfono: 981 50 40 29; 981 50 40 00. Fax: 981 50 41 10.
Enderezo electrónico: correo@concellodetouro.gal

EQUIPO TÉCNICO REDACTOR

O presente Informe Técnico Municipal foi elaborado pola empresa TYSGAL Medioambiente S.L.

Dirección

Víctor Bouzas Blanco

Responsable de TYSGAL Medio Ambiente S.L. con CIF B-70446687
Xeógrafo colexiado n.º 3.044 do COGE



Equipo técnico

Lucía Bibián Núñez

Técnica de medioambiente
Ambientóloga colexiada n.º 1.181 do COAMBCV

Abel Vázquez Lourido

Técnico de medioambiente
Enxeñeiro Forestal

Anaís Noela Álvarez González

Técnica de medioambiente
Xeógrafa colexiada n.º 3.807 do COGE

Iago Regueiro Martínez

Técnico de medioambiente
Xeógrafo

Ana Piñeiro Moyá

Técnica de medioambiente
Bióloga

INFORME TÉCNICO MUNICIPAL

ÍNDICE

1. OBXECTO E ALCANCE.....	6
1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROXECTO	9
2. EXPOSICIÓN DE CONSIDERACIÓNS	18
2.1. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS	18
2.2. AFECCIÓN A BENS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	23
2.3. CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS.....	33
2.4. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS	34
2.5. AFECCIÓNS SOBRE A BIODIVERSIDADE.....	45
2.6. AFECCIÓNS SOBRE A REDE NATURA 2000	61
2.7. AFECCIÓNS SOBRE AS AUGAS	62
2.8. AFECCIÓNS SOBRE A SAÚDE HUMANA	65
2.9. AFECCIÓN SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO	78
2.10. AFECCIÓN SOBRE A MOBILIDADE.....	79
2.11. AFECCIÓNS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL	86
2.12. AFECCIÓNS SOBRE A SOCIOECONOMÍA.....	95
2.13. AFECCIÓNS SOBRE A PAISAXE.....	97
3. CONCLUSIÓNS.....	103

1. OBXECTO E ALCANCE

A requirimento da Alcaldía do Concello de Touro emítese o presente Informe Técnico do **proxecto Cobre San Rafael** relativo a solicitude realizada por parte do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria en cumprimento do artigo 37 da *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*, do artigo 23 da *Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia* e do artigo 37 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*. Trátase do trámite de consulta á administración pública local afectada polos **procedementos de Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) ordinaria e outorgamento dos dereitos mineiros** do devandito proxecto.

O informe elabórase trala análise da documentación achegada pola administración tramitadora e sometida a exposición pública á vista do *Acordo 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L. ([DOG n.º 226 do 22/11/2024](#))*. A documentación mencionada é a seguinte:

- Resumo Non Técnico.
- Proxecto de Explotación. Actualización. Inclúe 33 anexos.
- Plan de Restauración da concesión de explotación San Rafael, número 2.946 para o aproveitamento de mineral de cobre. Plan de restauración das superficies afectadas polo proxecto Cobre San Rafael. Inclúe 27 anexos.
- Proxectos Técnicos das liñas eléctricas:
 - Liña de alta tensión aerosubterránea 66 kV da subestación Portodemouros á subestación Touro.
 - Liña de alta tensión aerosubterránea 66 kV da subestación Touro á subestación Mina San Rafael.
 - Liña de media tensión 20 kV SC Subministración provisional para obras Mina de Touro.
- Relación de Bens e Dereitos Afectados (RBDA) das liñas eléctricas.

- Estudo de Impacto Ambiental (EslA):
 - EslA do Proxecto Cobre San Rafael.
 - EslA da LAT 66 kv DC Portodemouros-Touro.
 - Estudo preoperacional da citada LAT.
 - Estudo de Efectos Sinérxicos e Acumulativos do proxecto de explotación Cobre San Rafael e a citada LAT.
 - 38 documentos incluídos como anexos.

Na data 09/12/2024 o Concello de Touro presentou un escrito ante o Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Economía e Industria onde se advertía do erro na descarga dun arquivo (EslA37 - Anexo 35 - Cartografía ambiental da carpeta "4-Estudio Ambiental"). Posteriormente, o 13/12/2024 o citado Dto. achegaba á administración local o referido documento e trasladaba a apertura dun novo prazo a contar dende o día seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). No [DOG n.º 242 do 17/12/2024](#) publicábase o anuncio de emenda do acceso á documentación do proxecto, tralo escrito de advertencia e solicitude presentado polo Concello de Touro.

No que respecta a "LMT 20 kV SC Subministración provisional para obras Mina de Touro" indícase que UFD DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA S.A. realizou o trámite ambiental no ano 2013 para unha liña LMT 20 kV que non chegou a executarse que segue o mesmo trazado da alternativa do proxecto citado ("LMT 20 kV SC Subministración provisional para obras Mina de Touro") obtendo unha Resolución de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental.

O presente documento, mediante a análise da documentación achegada e mencionada anteriormente, e de acordo ao ámbito de actuación e ás competencias municipais, expoñerá as consideracións oportunas relativas ao alcance e contidos específicos que se deberían ter incluído no EslA, así como calquera outra observación relativa aos posibles impactos significativos, ás medidas previstas pola promotora, etc.

Convén sinalar que a citada documentación non está completa, atopando parágrafos ou seccións concretas sen información de numerosos documentos,

que segundo a promotora se ampara na *Lei 1/2019, do 20 de febreiro, de Segredos empresariais* e en coordinación coa *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*.

Por outra banda, no pasado 24/06/2024 o Consello da Xunta de Galicia declaraba mediante acordo o Proxecto Cobre San Rafael como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) conforme ao Decreto *lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*. Isto implicará a declaración de utilidade pública e do interese social, en concreto, do proxecto e das súas infraestruturas asociadas, para os efectos expropiatorios, e a prevalencia sobre outras utilidades públicas, así como a necesidade e a urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados e o recoñecemento ao promotor do proxecto da condición de beneficiario da expropiación.

Convén salientar que o expediente non aporta cartografía de detalle vectorial xeolocalizada e compatible con SIX das instalacións do proxecto. En consecuencia, a localización e distribución dos elementos do proxecto incluídos no expediente realizouse a partir do uso de ferramentas de análise espacial baseadas en SIX. Igualmente, este software foi empregado para levar a cabo os demais análises pertinentes. No seguinte mapa da Figura 1 móstrase a localización e distribución dos principais elementos do Proxecto Cobre San Rafael, a partir da xeorreferenciación da información disposta na documentación mencionada.

1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROXECTO

O proxecto Cobre San Rafael consiste no aproveitamento mineiro de cobre. **En diante, mina, proxecto mineiro, explotación mineira ou área de extracción e desenvolvemento de labores mineiras.** A explotación realizase ao descuberto con arranque dos materiais por medio de perforación e voadura.

O proxecto ocupa unha superficie de 812,21 ha, onde a promotora estima un período de actividade de 16 anos e medio, onde a fase de construción será de 18 meses, a fase de operación será de 14 anos e a fase de clausura de un ano. Durante a súa actividade preténdense obter 422.885 toneladas de cobre.

O sistema de carga será con retroexcavadora sobre camións, transportando o mineral ata a Planta de Tratamento de Mineral (PTM) para ser tratado.

O material estéril voado será caracterizado como estériles NAG (Non Xeradores de drenaxe aceda) ou estériles PAG (Potencialmente Xeradores de drenaxe aceda), en función desta clasificación poderá ser reutilizado en tarefas de rehabilitación mediante minería de transferencia, en construción de estruturas mineiras ou almacenado segundo as súas características, en base ao especificado no Plan de Xestión de Residuos Mineiros e Plan de Restauración.

As infraestruturas auxiliares ao proxecto mineiro son as seguintes:

- Infraestruturas de transporte: pistas mineiras e accesos á explotación.
- Instalacións de mina e planta: oficinas, comedor, edificio de laboratorio e preparación de mostras, almacéns, talleres, casetas e edificios de control, xerador de emerxencia, nave principal, depósito de gasoil e lavadoiro de maquinaria.
- Obras singulares de urbanización: urbanización, parque móbil e aparcamento, zona de contratistas e balsa de emerxencia.
- Alimentación e distribución da enerxía eléctrica: sistema de alta tensión, sistema de baixa tensión, xerador de emerxencia.

O subministro eléctrico para o proxecto consta de tres liñas eléctricas, dúas delas de alta tensión (LAT) e unha liña de media tensión (LMT). A necesaria subestación eléctrica denominada TOURO non é obxecto deste expediente. As características e denominacións das liñas eléctricas descríbese a continuación.

- LAT aérea subterránea 66 kV Subestación Portodemouros - Subestación Touro. Lonxitude de 11.722 m, con seis tramos.
 - Tramo I subterráneo de 478 m dende a posición POR603 da subestación eléctrica do embalse de PORTODEMOUROS ata o apoio Nº1 PAS (paso aéreo-subterráneo) situado nas inmediacións da mencionada SET.
 - Tramo II aéreo de 358 m dende o apoio Nº1 PAS situado nas inmediacións da SUB do embalse de PORTODEMOUROS ata o apoio Nº2 PAS.
 - Tramo III subterráneo de 413 m dende o apoio Nº2 PAS da LAT ata o apoio Nº3 PAS.
 - Tramo IV aéreo de 3.640 m dende o apoio Nº3 PAS situado nas inmediacións da SUB do embalse de PORTODEMOUROS ata o apoio Nº22 PAS.
 - Tramo V subterráneo de 6.731m dende o apoio Nº22 PAS da LAT ata o apoio Nº23 PAS a implantar no límite da parcela da futura SUB TOURO 66 kV, que forma parte da rede de distribución de UFD Distribución Electricidad SA.
 - Tramo VI aéreo de 102 m dende o apoio Nº23 PAS situado nas inmediacións da SUB PORTODEMOUROS ata o apoio Nº1 da LAT 66 KV SUB TOURO - SUB MINA SAN RAFAEL, propiedade de COBRE SAN RAFAEL S.L.

- LAT 66 kV Subestación Touro a Subestación Mina San Rafael. Lonxitude de 3.730 m, con tres tramos. Deséñase para un dobre circuíto simplex, un destes circuítos queda en reserva en previsión de ampliación da explotación mineira ou unha eventual avaría.
 - Tramo I subterráneo de 141 m, con orixe na SUB TOURO e final no apoio N.º1, onde se executa unha transición aéreo-subterránea.
 - Tramo II aéreo de 3.470 m, con orixe no apoio N.º1 e final no apoio N.º19, onde se executan sendas transicións aéreo-subterráneas. Presenta 19 apoios de entre 15,4 m e 21,91 m.

- Tramo III subterráneo de 135 m, con orixe no apoio N.º 19 onde se executa a transición aéreo-subterránea e final na SUB MINA SAN RAFAEL.
- LMT 20 kV SC Subministración provisional para obras Mina de Touro.

Esta liña é necesaria para dispoñer de subministro eléctrico durante a execución das infraestruturas mineiras (mecánicas e siderúrxicas). Consta de dous tramos e 12 apoios (altura entre 16,83 a 25 m):

- Tramo I aéreo con orixe no apoio N.º5 da LMTA, CT e RBT en ARINTEIRO (propiedade de UDESA) ata o apoio N.º10 da LAT 66 kV SIMPLEX MINA DE TOURO que discorre polos terreos da concesión mineira San Rafael. Estra tramo desmantelarase trala solicitude de baixa do subministro provisional.
- Tramo II aéreo con orixe no apoio N.º 9 e final no apoio N.º 19 de 1.852 m de lonxitude, que discorre polos terreos da concesión mineira San Rafael. Este tramo é definitivo. Será deseñado e executado para un nivel de tensión de 66 kV, aínda que inicialmente será explotada a un nivel de tensión de 20 kV.




Figura 1. Localización do ámbito da mina e das infraestruturas de subministro eléctrico.

Convén sinalar que na documentación do proxecto indícase que a delimitación do ámbito do proxecto mineiro exclúe unha zona que corresponde coas instalacións da planta de explotación de áridos activa na actualidade e antigas instalacións, como se pode observar no seguinte mapa (Figura 2). Así, esta zona non se contempla no proxecto de explotación pero si se ten en conta en certos estudos específicos realizados pola promotora como por exemplo o Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (o ámbito de estudo total sería de 829,90 ha).




Figura 2. Localización do ámbito de non actuación do proxecto da mina.

A Subestación Touro 66 kV será financiada por Cobre San Rafael S.L. e cedida ao distribuidor titular da subestación: UFD Distribución Electricidad S.A. Trala execución desta subestación Touro a promotora do presente proxecto solicitará o desmantelamento do último vano aéreo entre as dúas liñas propiedade de Cobre San Rafael S.L.; procedendo á conexión das mesmas a sendas posicións de liña nesta Subestación Touro a un nivel de tensión 66 kV.



Figura 3. Localización da subestación, obxecto doutro expediente.

En canto as etapas do proxecto en activo, o EslA identifica as seguintes oito fases de explotación mineira:

- Labores preparatorias: habilitar accesos e pistas interiores, construción da PTM, etc.
- Fase 1 de explotación (anos 1, 2 e 3)
- Fase 2 de explotación (ano 4)
- Fase 3 de explotación (ano 5)
- Fase 4 de explotación (anos 6, 7 e 8)
- Fase 5 de explotación (anos 9 e 10)
- Fase 6 de explotación (anos 11 e 12)
- Fase final da explotación (ano 13)
- Fase final de produción (ano 14). Non hai actividade nas "cortas" mineiras, procésase o material acopiado na PTM e realízase minaría de transferencia das "escombreras" ás "cortas" como parte dos traballos de restauración.

Tralas fases de explotación, propóñense as seguintes fases:

- Fase de clausura (un ano). Consistirá en: desmantelamentos; demolicións; campañas para a investigación de solos contaminados; baleirado da CAS, xestión das augas contidas na mesma e restauración do oco; clausura da DEP2 e xestión das augas presentes nese momento ata drenalo completamente; clausura da entulleira PAG; programas sociais; restauración final do emprazamento; xestión da auga en fase de clausura; Plan de Vixilancia Ambiental en fase de clausura.
- Fase de post-clausura (non define período). Consiste en: vixilancia de estabilidade das estruturas remanentes; vixilancia da calidade das restauracións; vixilancia da calidade das augas superficiais e

¹ A palabra en castelán "corta" fai referencia a unha explotación tridimensional de xacementos que evolucionan en profundidade. A morfoloxía típica dunha corta é semellante a un cono invertido. Este termo non aparece recollido no dicionario da Real Academia Galega (RAG) polo que aparece neste documento en cursiva.

subterráneas; vixilancia da calidade dos ecosistemas xerados trala restauración; usos finais dos terreos restaurados.

Táboa 1. Ocupación do solo. Superficies das zonas do proxecto. Fonte: Proxecto.

ESTRUCTURA	SUPERFICIE (HA)
Cortas mineras	168,99
Depósito de estériles Vieiro-Arinteiro (planta)	95,1
Depósito temporal estériles (DEP1)	118,08
Escombrera PAG (planta)	44,04
Balsa agua fresca (BAF)	5,99
Planta de tratamento (PTM)	16,65
Escombrera NAG Arca	21,34
Escombrera NAG Brandelos	22,2
Escombrera NAG Arinteiro	31,1
Pistas	19,9



Figura 4. Recreación en 3D das "cortas" e "escombreras" na fase 1 (ano 3) do proxecto. Fonte: Estudo do nivel sonoro do EsIA do proxecto.



Figura 5. Recreación en 3D das "cortas" e "escombreras" na fase 4 (ano 8) do proxecto. Fonte: Estudo do nivel sonoro do EsIA do proxecto.



Figura 6. Recreación en 3D na fase 5 (anos 9 e 10) do proxecto: restauración progresiva das labores mineiras en paralelo ás fases extractivas. Fonte: EslA.

2. EXPOSICIÓN DE CONSIDERACIONES

2.1. CONSIDERACIONES JURÍDICAS

2.1.1. O Plan Sectorial de actividades extractivas de Galicia (PSAEG) aínda non foi aprobado, polo que os proxectos mineiros desenvolvidos no territorio galego non contan cunha planificación nin se realizan baixo a avaliación ambiental estratéxica.

No ano 2006 aprobouse a *Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente*, que incorporaba ao ordenamento xurídico español a *Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*. Isto supoñía a realización dun proceso de avaliación ambiental estratéxico (AAE) para os plans e programas que elaborasen as diferentes administracións públicas. Este norma estatal sería derogada anos máis tarde pola entrada en vigor da *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental*.

A avaliación ambiental é indispensable para protexer o medioambiente e garantir unha adecuada prevención dos impactos ambientais, á vez que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación. A avaliación ambiental converteuse nun instrumento plenamente consolidado que acompaña o desenvolvemento asegurando que este sexa sostible e integrador.

No ano 2008, coa entrada en vigor da *Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia* contéplase a elaboración do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia, como máximo instrumento de planificación da política mineira. Segundo esta norma, o instrumento establecerá os principios e directrices para a ordenación mineira de Galicia, baseada en criterios de estabilidade e sostibilidade.

Cinco anos despois, no ano 2013, o citado plan sectorial comezaba o seu procedemento de avaliación ambiental estratéxica, co sometemento a información pública e trámite de consultas: o Documento de Inicio para AAE do PSAEG. O promotor era a Consellería de Economía e Industria da Xunta de

Galicia e o órgano ambiental a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Por tanto, procedíase ao proceso de iniciación do documento para a Aprobación Inicial do PSAEG. Este proceso quedou paralizado, en tanto en cuanto, non se fixo pública a continuación do procedemento nin se publicou ningunha resolución ao respecto.

Unha década máis tarde, a única información recente ao respecto xorde no pasado 2023, cando a Xunta de Galicia presentaba a estratexia “Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030” que establecía como iniciativa “28. Desenvolvemento normativo”: o desenvolvemento do PSAEG no período 2023/2024 baixo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia. Non obstante, non se facía referencia a previa tramitación dun plan anterior, nin tampouco se realizaron outras comunicacións ou publicacións oficiais ao respecto.

No actual ano 2025, o territorio galego non conta cunha planificación polo que se rexan os proxectos mineiros: un Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia (PSAEG). Ademais, non consta ningunha comunicación ao respecto da tramitación do mesmo.

Neste sentido, a ausencia dunha planificación deste tipo de actividades no territorio galego, así como a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica do desenvolvemento mineiro, implica que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicable e tamén aqueles dos que se derivan das normas do dereito da Unión Europea. Ademais, condiciona e limita a avaliación dos impactos asociados á implantación dos proxectos mineiros, como é o caso do Proxecto Cobre San Rafael.

En definitiva, **o informante considera que estanse a producir deficiencias manifestas ao non existir unha planificación marco que coordine os proxectos mineiros de Galicia, así como a non utilización dos mecanismos de control ambiental a través da AAE.**

Por tanto, **o Concello de Touro solicita a redacción dun Plan Sectorial de actividades extractivas de Galicia (PSAEG), así como o desenvolvemento da súa avaliación ambiental estratéxica asociada. Solicítase tamén que este**

PSAEG protexa as zonas sensibles do territorio galego, así como aquelas zonas onde exista un aproveitamento mineiro inactivo e se obrigue a realizar unha restauración ambiental completa e estrita, como é o caso da zona do proxecto Cobre San Rafael. Así mesmo, solicítase a paralización das concesións de permisos de exploración, investigación e explotación, en tanto non se aprobe un PSAEG que ordene e planifique o territorio galego.

2.1.2. O proxecto mineiro presentado deberá ser inadmitido segundo o establecido pola norma estatal de avaliación ambiental.

A Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental no seu Capítulo II - Sección 1ª establece o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da Declaración de Impacto Ambiental (DIA). Concretamente, no artigo 39 sinálase que o órgano ambiental, unha vez que reciba a solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental ordinaria, poderá resolver a inadmisión se se cumpre algunha das razóns establecidas na citada lei.

Neste caso, o proxecto mineiro Cobre San Rafael debe ser inadmitido polo órgano ambiental segundo o motivo incluído no artigo 39.4.c). Un proxecto semellante foi sometido a exposición pública no ano 2017, recibindo unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable no ano 2020, non sendo publicada ningunha resolución de arquivo de expediente.

<< Artículo 39. Evaluación de impacto ambiental ordinaria.

(...)

*4. En el plazo de veinte días hábiles desde la recepción de la solicitud de inicio de la evaluación de impacto ambiental ordinaria el órgano ambiental podrá **resolver su inadmisión por** alguna de las siguientes **razones**:*

- a) Si estimara de modo inequívoco que el proyecto es manifiestamente inviable por razones ambientales.*
- b) Si estimara que el estudio de impacto ambiental no reúne condiciones de calidad suficientes.*
- c) **Si ya hubiese inadmitido o ya hubiese dictado una declaración de impacto ambiental desfavorable en un proyecto sustantivamente análogo al presentado**>>.*

Na seguinte táboa lembramos as publicacións no DOG relativos ao proxecto Cobre San Rafael presentado pola mesma promotora nestes últimos anos.

Táboa 2. Publicacións no DOG relativas ao proxecto Cobre San Rafael. Fonte: DOG.

Título da publicación no DOG relativa ao proxecto Cobre San Rafael	DOG (nº e data)	Asunto
<i>Resolución do 18 de agosto de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se somete a información pública a actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.</i>	DOG n.º 161 do 25/08/2017	Sometemento a información pública no ano 2017
<i>Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da actualización do proxecto de explotación da C.E. San Rafael 2946, concellos do Pino e Touro (A Coruña), promovido por Cobre San Rafael, S.L. (clave 2017/0084).</i>	DOG n.º 26 do 7/02/2020	Emisión de DIA desfavorable emitida no 2020
<i>Acordo do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.</i>	DOG n.º 226 do 22/11/2024	Sometemento a información pública no ano 2024

O proxecto actual sometido a exposición pública presenta certos cambios relativos a inclusión das infraestruturas de subministro eléctrico (inclusión realizada trala alegacións recibidas do proxecto anterior nas que se solicitaban a avaliación ambiental de tódolos elementos que constituían o proxecto mineiro) ou o incremento da superficie incluída no ámbito do proxecto (o actual inclúe zonas dirixidas a restauración ambiental contemplando pasivos ambientais que no proxecto anterior non eran obxecto de avaliación ambiental). Non obstante, o obxectivo do proxecto e a metodoloxía e recursos para levalo a cabo son os mesmos.

Nos seguintes mapas pódese visualizar a comparativa dos ámbitos do proxecto do 2017 con DIA desfavorable e do proxecto actualmente sometido a exposición pública do 2024.

En definitiva, **o Concello de Touro solicítalle ao órgano ambiental que resolva a inadmisión a trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto**

Cobre San Rafael, ao existir un proxecto substancialmente análogo ao presente proxecto que xa recibiu unha DIA desfavorable no ano 2020.




Figura 7. Ámbito do proxecto presentado anteriormente. Fonte: DIA desfavorable con clave 2017/0084 publicada no DOG n.º 26 do 7/02/2020.




Figura 8. Ámbito do proxecto presentado no 2024 e obxecto deste informe. Fonte: Proxecto de Explotación Cobre San Rafael (2024).

2.2. AFECCIÓN A BENS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

2.2.1. O proxecto non identifica a afección a un ben de titularidade municipal: o vertedoiro municipal.

No interior do ámbito do proxecto Cobre San Rafael sitúase o vertedoiro municipal do Concello de Touro, concretamente localízase en Torreis de Arriba na parroquia de Touro. Este vertedoiro municipal está incluído no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Touro co código "15085001683" (epífrage 1 – bens inmobles – terreos) (ver Figuras 7, 8, e 9). Este ben non foi identificado na Relación de Bens e Dereitos Afectados (RBDA) polo proxecto de explotación mineiro.

O [Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Touro \(agosto, 2024\)](#) pode consultarse na web municipal tralo acordo do Pleno do Concello de Touro que proba inicialmente o citado inventario, celebrado na sesión ordinaria do 14/11/2024. Coa publicación no [Boletín Oficial da Provincia de A Coruña N.º 224 do 20/11/2024](#) sometíase a información pública durante 20 días a contar dende o seguinte a publicación do anuncio. Durante ese prazo de alegacións, o Concello de Touro recibiu aportacións por parte da veciñanza, pero ningunha destas alegacións contempla os terreos da explotación mineira en cuestión, nin alegacións relativas ao vertedoiro municipal. Na data de redacción do presente documento, o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Touro non foi aínda aprobado definitivamente.

Segundo este Inventario municipal, o vertedoiro municipal forma parte dos 282 bens inmobles non inscritos, conta cunha superficie de 4.278,37 m² e localízase na parcela catastral con referencia catastral 000400300NH54E0000QL.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte da afección ao ben municipal con código "15085001683" correspondente co vertedoiro municipal en Torreis de Arriba.**

Concello de Touro

l.imo. Ayuntamiento de TOURO
NIF: P1508600B
INVENTARIO DE BIENES INMUEBLES
Cód. Bien: **15085001683**

DESCRIPCIÓN

VERTEDERO MUNICIPAL EN OS TORREIS DE ARRIBA

CLASIFICACIÓN / NATURALEZA

100104 - Suelo rústico

DATOS LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	PARROQUIA	DIRECCIÓN
A. Coruña	Touro (San Xoán)	

COORDENADAS (latitud, longitud) **REFERENCIA CATASTRAL**

42.877724, -8.347083

LINDES

Norte: 000400300NH54E0000QL	Este: 000400300NH54E0000QL
Sur: 000400300NH54E0000QL	Oeste: 000400300NH54E0000QL

REGISTRO DE LA PROPIEDAD

LOCALIDAD	TOMO	LIBRO	FOLIO	FINCA	INSCRIPCIÓN

DATOS INMUEBLE

SUPERFICIE REGISTRAL (m²)	SUPERFICIE CATASTRAL (m²)	SUPERFICIE BIEN (m²)	
		4.278,37	
VALOR ADQUISICIÓN (€)	VALOR CATASTRAL (€)	VALOR EN VENTA (€)	INVERSIONES/MEJORAS (€)
42,78		4.278,37	

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA **APROVECHAMIENTO**

Suelo rústico de protección ordinaria

DATOS JURÍDICOS

TÍTULO ADQUISICIÓN	FECHA ADQUISICIÓN
	01/01/1900
SITUACIÓN PATRIMONIAL	NATURALEZA JURÍDICA
Propiedad	Dominio Público - Uso Público
FRUTOS Y RENTAS	ACUERDO
DERECHOS REALES / PERSONALES	DESTINO

DESCRIPCIÓN AMPLIADA

Forma parte de la parcela con RC 000400300NH54E0000QL

Figura 9. Vertedero municipal incluído no Inventario de Bens Inmubles do Concello de Touro. Datos descriptivos. Fonte: Concello de Touro.



Figura 10. Vertedoiro municipal incluído no Inventario de Bens Inmобles do Concello de Touro.
Fotografía e localización. Fonte: Concello de Touro.



Figura 11. Vertedoiro municipal incluído no Inventario de Bens Inmобles do Concello de Touro.
Localización en ortofoto e planemento Fonte: Concello de Touro.

2.2.2. A promotora non identifica nin avalía a afección ao vertedoiro clausurado e localizado no sector mineralizado de Bama-Brandelos, así como o vertedoiro de orixe do mesmo.

Tal como se comentou na alegación anterior (apartado 2.2.1.), no interior do ámbito do proxecto mineiro sitúase o vertedoiro municipal de Touro (ver Figura 8). Este vertedoiro non aparece identificado na extensa documentación deste expediente achegada pola promotora, polo que tampouco se analiza o estado actual do mesmo nin as consecuencias do aproveitamento mineiro nesa zona. De feito, non se menciona en ningún documento a existencia de vertedoiros no ámbito de actuación da mina. Isto supón que tampouco se está a ter en consideración as consecuencias técnicas e ambientais de realizar cortas en zonas onde se almacenan residuos.




Figura 12. Vertedoiro selado de residuos urbanos do Concello de Touro. Fonte: TSYGAL.

Convén destacar que **o citado vertedoiro municipal creouse tralo traslado dun vertedoiro (situado no actual ámbito do proxecto mineiro) á localización deste ben municipal, onde se procedeu a adecuación, selado e clausura**. É dicir, non se executou unha instalación de eliminación de residuos senón que se produciu o traslado de refugallos. Esta información provén da *Resolución do 22 de xuño de 2010 de Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se adopta a decisión de non someter a avaliación de impacto ambiental o Proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos urbanos do concello de Touro (A Coruña), promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CLAVE: 2010/0095)*.

Polo tanto, estamos a falar dun **vertedoiro de orixe e un vertedoiro de destino**, ambos **localizados nas instalacións da antiga mina e no ámbito do actual proxecto mineiro en cuestión**. O de orixe localizado no sector mineralizado Arinteiro e o de destino situado no sector mineralizado Bama-Brandelos.




Figura 13. Vista aérea do ámbito no ano 1999. Vertedoiro de orixe (segundo a Resolución da Consellería de Medio Ambiente) e vertedoiro de destino. Fonte da fotografía: USC, 2015. Fonte montaxe: TYS&GAL.




Figura 14. Localización do vertedoiro selado de residuos urbanos do Concello de Touro (vertedoiro de destino) e posible localización do vertedoiro de orixe. Fonte do mapa base: Plano n.º 4 do Anexo 35 do EslA do proxecto. Fonte: TYS&AL.

O vertedoiro municipal (vertedoiro de destino) trátase dun vaso de escavación ao pé dunha corta producida como consecuencia das labores mineiras de Riotinto. Este vaso «sen auga acumulado no fondo, tense esgotado a explotación mineira, polo que se aproveitará o traslado dos residuos procedentes do vertedoiro de orixe para a restauración da topografía orixinal a través do recheo do vaso de vertido». **O vertedoiro de destino sitúase a 2 km ao oeste do vertedoiro de orixe. O volume estimado de residuos a depositar no vertedoiro de destino é de 8.305 m³.**

A obra no vertedoiro de destino consiste no acondicionamento mediante <<impermeabilización e estendido dunha capa de material filtrante no fondo do vaso. Unha vez trasladados os residuos, procederase o seu selado deseñando sistemas para a recollida de lixiviacións, extracción de gases e drenaxe de augas pluviais>>. No citado documento sinalase que: <<Finalmente propónse realizar labores de restauración e integración paisaxística de ambos emprazamentos (vertedoiro de orixe e destino)>>.

En canto ao vertedoiro de orixe, na citada resolución indícase que: <<a localización do vertedoiro de orixe presentaba unha importante problemática derivada da presenza de auga en contacto directo cos residuos urbanos que, unida ás intencións da empresa titular da canteira de continuar as escavacións, motivaron a necesidade de que a clausura do vertedoiro de Touro pasase polo traslado dos residuos a outra zona e o seu posterior selado>>. Ademais sinala que neste vertedoiro se <<ía acumulando o lixo e estendéndoo cunha pala, previa incineración da mesmo e a continuación os residuos tapábanse con terras>>. Este acolleu <<**os residuos xerados en Touro dende o ano 1995 e, dende o 2002, tamén aos xerados no concello de O Pino**>>.

A xeometría da zona onde se localizaba o **vertedoiro de orixe** <<(fondo dun vaso de escavación ao pé dunha corta producida como consecuencia das labores mineiras de Riotinto) provocou a acumulación de auga na zona onde se depositaron os residuos, orixinando unha balsa cun volume de auga superior aos 2.000 m³. Ademais **na zona norte do vertedoiro, a uns 350 m de distancia, localízase unha segunda balsa de capacidade moi superior** na que se verten augas procedentes dunha planta de reciclado de plásticos, que na actualidade se atopa en funcionamento>>. <<Como consecuencia da existencia destas balsas que se atopan comunicadas entre si, o nivel freático da zona do vertedoiro atópase a unha cota elevada, de xeito que ao afondar uns 3,5-4 m nos residuos aparece auga>>.

<<A localización actual do vertedoiro de Touro>> (referido ao vertedoiro de orixe) <<presenta unha problemática importante, derivada da auga existente nas dúas balsas que se sitúan en contacto directo cos residuos urbanos. O nivel

freático alto impide deseñar un sistema de recollida de lixiviacións que garanta a recollida dos mesmos sen que se mesturasen coas outras augas das que se descoñece a súa composición>>.

<<Ademais da problemática anterior están as intencións da empresa titular da explotación da canteira de continuar a corta ou medio prazo as escavacións no fronte no límite leste do vertedoiro, o que suporía a circulación de maquinaria pesada por enriba da capa de selado polo que, a alternativa máis viable de clausura do vertedoiro de Touro é o traslado dos residuos a outra localización e o seu posterior selado>>.

Posteriormente publicouse no [DOG n.º 223 do 22/11/2011](#) a adxudicación do contrato de obra de adecuación, selado e clausura do devandito vertedoiro a Francisco Gómez y Cía S.L. polo importe de 329.810 €, IVE incluído. Con data do 9/02/2012 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas daba por finalizada a obra e asinábase a acta de recepción.

No 29/02/2012 o Concello de Touro recibiu a comunicación de entrega da obra finalizada de “Adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos urbanos de Touro”. Isto xorde de conformidade co compromiso que adoptou a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 17/02/2010 sobre a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente coas entidades locais. Por tanto, a partir da recepción da comunicación, correspóndelle ao Concello de Touro asumir o mantemento e conservación da obra da que se lle fai entrega (vertedoiro clausurado). **A entidade local é a responsable do mantemento, da vixilancia, análise e control dos lixiviados do vertedoiro e, no seu caso, dos gases xerados, así como do réxime de augas subterráneas nas súas inmediacións do mesmo durante un período non inferior a trinta anos.** Todo isto segundo o indicado no Plan de Vixilancia e Control Ambiental Post-clausura da citada obra.

Non obstante, non se ten constancia da realización do seguimento ambiental por parte do Concello de Touro ata o ano 2023, nin tampouco se ten constancia da petición e seguimento do mesmo por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Co cambio de goberno municipal (maio do

2023), o Concello de Touro presenta o seu primeiro informe semestral en xuño do 2023 ante a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, continuando a día de hoxe co seu encargo en tempo e forma.



Figura 15. Entrada (esquerda) e situación actual (dereita) do vertedoiro de residuos urbanos de Touro. Fonte: TYS&AL, 16/12/2024.

Convén sinalar que na data de redacción do presente documento, o citado vertedoiro municipal de residuos urbanos **non aparece na relación de vertedoiros clausurados do Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA) da Xunta de Galicia.**

En definitiva, **o Concello de Touro considera que o proxecto mineiro non é compatible co vertedoiro municipal clausurado nin co vertedoiro de orixe, dada a localización prevista para as cortas mineiras. O Concello de Touro solicita a identificación do vertedoiro municipal como ben municipal afectado, así como o estudo e análise da súa afección. Respecto do antigo vertedoiro (vertedoiro de orixe), solicítase a identificación e localización exacta, o estudo das condicións ambientais do mesmo, a execución dun plan de seguimento ambiental e a análise da afección que suporía a execución das cortas sobre este vertedoiro.**

2.3. CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

2.3.1. O proxecto Cobre San Rafael e as súas liñas eléctricas de subministro sitúanse sobre solos con certos usos e actividades compatibles.

O planeamento en vigor no Concello de Touro é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 09 de febreiro de 2010. Con carácter de normativa básica é de aplicación a Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG) e o Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia (RLSG), e demais normativa sectorial con interese no obxecto das actuacións.

Os terreos ocupados pola implantación das instalacións do proxecto mineiro (incluída a rede eléctrica de subministro) afectan a solos de núcleo rural, solo urbano, solo urbanizable, solos rústicos de protección ordinaria e solos rústicos de especial protección, segundo o PXOM do Concello de Touro.

Táboa 3. Clasificación urbanística dos terreos afectados polo proxecto Cobre San Rafael.

Actuación	Clasificación urbanística dos terreos afectados segundo o PXOM de Touro
Proxecto mineiro (ámbito ou "huella" do proxecto)	Solo Urbano (S-01) Solo Urbanizable (S-02) Solo Rústico de Protección Ordinaria Solo Rústico de Protección Agropecuaria Solo Rústico de Protección de Augas Solo Rústico de Protección de Infraestruturas
Liña de alta tensión aérea subterránea 66 kV de sub. Portodemouros a sub. Touro	Solo de Núcleo Rural Solo Rústico de Protección Ordinaria Solo Rústico de Protección Agropecuaria Solo Rústico de Protección Forestal Solo Rústico de Protección de Augas Solo Rústico de Protección de Infraestruturas Solo Rústico de Protección do Patrimonio
Liña de alta tensión aéreo subterráneo 66 kV de sub. Touro a sub. Mina San Rafael	Solo Rústico de Protección Ordinaria Solo Rústico de Protección Agropecuaria Solo Rústico de Protección de Augas Solo Rústico de Protección de Infraestruturas

A compatibilidade das actuacións coa clasificación do solo dependerá dos informes que ao respecto deben emitir a Consellería de Cultura (sobre a protección dos bens con interese cultural), Augas de Galicia (sobre o dominio público hidráulico e zona de policía de cauces), a Consellería de Medio Rural (sobre SRPA e SRPF) e os organismos competentes no Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.

2.4. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

2.4.1. Parte da corta/escombreira de Bama-Brandelos da antiga mina sitúase fóra do ámbito do proxecto mineiro actual, impedindo a súa restauración completa e seguimento ambiental.

O expediente actual (2024) sometido a consulta e exposición pública do proxecto mineiro non inclúe parte da antiga explotación mineira correspondente a zona de explotación de Bama-Brandelos, mentres que o expediente do proxecto sometido no ano 2017 si incluía esta zona.



Figura 16. Fotografía aérea tomada no ano 1999 (dez anos despois do abandono das actividades mineiras) da zona de Bama-Brandelos. En verde localización da área en cuestión. Fonte: USC, 2015.




Figura 17. Comparación do ámbito de actuación do proxecto exposto no 2017 e no 2024. Sinalado en verde as zonas onde se observan variacións. Fonte: TYS&AL.

Trátase da área situada a escasos metros ao norte do núcleo de poboación de Torreis de Arriba. Isto implica que a escombreira actual non forma parte do ámbito a restaurar pola promotora, polo que o perigo para as vivendas próximas continúa.



Figura 18. Fotografía da Bama-brandelos . Fonte: TYSGAL, 16/12/2024.

En definitiva, **o Concello de Touro insta á promotora a incluír tódalas áreas afectadas pola mina anterior no ámbito do proxecto actual**. Considera que **o ámbito do proxecto debe contemplar tódolos pasivos ambientais**.

2.4.2. Non se identifican nin localizan nin avalían os antigos vertedoiros situados no interior do ámbito de actuación da mina.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Touro (PXOM, aprobado definitivamente na data 09/02/2010), no seu Estudo de Sostibilidade (apartado "5. Medio Biótico e Situación Medioambiental") inclúe información e cartografía da situación medioambiental do termo municipal de Touro (ver Figura 13). Neste mapa sinálase a presenza de vertidos de augas residuais urbanas, vertedoiros, canteiras en explotación e abandonadas, incendios forestais e outros impactos.

Respecto dos residuos domésticos (naquela década denominados residuos sólidos urbanos), segundo a citada fonte, na zona de actuación do proxecto Cobre San Rafael habería tres vertedoiros nas antigas instalacións mineiras. A localización destes vertedoiros non coincide coa do vertedoiro municipal que foi clausurado, dado que esta obra se realizou anos máis tarde da elaboración e publicación desta información.

A documentación achegada pola promotora no proxecto Cobre San Rafael non identifica nin avalía a afección aos vertedoiros existentes no interior do ámbito do proxecto mineiro, nin as consecuencias ambientais das intervencións proxectadas pola promotora.

Por tanto, **o Concello de Touro solicita que a empresa promotora identifique a localización exacta de tódolos vertedoiros que se atopan na zona de actuación do proxecto; se analice as condicións ambientais dos mesmos e se leve a cabo**

un plan de seguimento ambiental; así como que se avalíe a potencial afección a estes e as devanditas consecuencias ambientais de realizar cortas e demais actuacións nestas zonas.




Figura 19. Situación medioambiental ano 2009. Fonte: PXOM de Touro.

2.4.3. O expediente non inclúe cartografía dixital do proxecto, impedindo localizar de xeito exacto tanto as infraestruturas como as actuacións proxectadas.

O expediente facilitado pola unidade tramitadora non inclúe a cartografía dixital. Esta administración local, ao igual que o resto da cidadanía, non ten acceso a cartografía de detalle vectorial xeolocalizada do proxecto en cuestión. Deste xeito estase a impedir ter coñecemento da localización das actuacións con precisión.

Para poder localizar tódalas infraestruturas e actuacións que compoñen o proxecto mineiro, o presente equipo redactor tivo que empregar ferramentas de análise espacial baseadas en Sistema de Información Xeográfica (SIX). Un SIX é unha tecnoloxía que une datos sobre localizacións e características xeográficas con software especializado, como QGIS Desktop 3.28.7, empregado nesta ocasión. Tódolos cálculos fixéronse tomando como

referencia o sistema de coordenadas ETRS89 Fuso 29N con código EPSG 25829, específico para cálculos de análise espacial na parte occidental da Península Ibérica. Un Sistema de Referencia de Coordenadas é un Sistema de Coordenadas que está referido á Terra a través dun Dátum xeodésico, sendo este, un sistema de parámetros que definen a súa posición en relación á Terra. Este sistema emprega un ou máis números (coordenadas) para determinar univocamente a posición dun obxecto.

Así pois, realizáronse xeorreferenciacións de varios planos do proxecto de execución, dos proxectos técnicos das liñas eléctricas e da documentación ambiental, aplicándose algoritmos de transformación polinómico de grao un, con como mínimo 9 puntos de control terrestre e unha interpolación do veciño máis próximo.

En definitiva, **o Concello de Touro solicita a achega da cartografía vectorial de detalle compatible con SIX de tódalas infraestruturas e actuacións que compoñen o proxecto mineiro Cobre San Rafael**, para así ter coñecemento do mesmo e poder realizar unha avaliación axeitada.

2.4.4 O EsIA non aporta ningún estudo específico dos efectos sinérxicos e acumulativos con outras infraestruturas e instalacións en funcionamento e tramitación na zona de actuación do proxecto mineiro e contorna.

Segundo o propio EsIA do proxecto mineiro, no interior do ámbito de actuación, existen outros aproveitamentos empresariais: produción de áridos e mesturas asfálticas (xeración de áridos mediante a extracción das partes estériles do xacemento mineiro); elaboración de fertilizantes e solos artificiais (tecnosolos) a partir de residuos (lodos de EDAR, cinzas, subprodutos da industria alimentaria, residuos mineiros e residuos RCDs; reciclaxe de plásticos agrícolas; investigación en materia ambiental; investigación farmacéutica, etc. Non obstante, o EsIA non aporta ningún estudo específico dos efectos sinérxicos e acumulativos con estas actividades en funcionamento situadas no interior do ámbito do proxecto.

A importancia de analizar estes efectos sinérxicos e acumulativos é vital a hora de avaliar o impacto real que sufriría o medio coa implantación do proxecto mineiro nun ámbito xeográfico común.

Por exemplo, no caso da afección a calidade do aire, a actual planta de tratamento de residuos TEN recibe a diario decenas de camiós con lodos de depuradoras e outros residuos que deixan fortes malos cheiros na zona. Esta situación debe terse en conta a hora de valorar o impacto a calidade do aire en sinerxía coas demais actividades existentes así como a implantación do proxecto mineiro.




Figura 20. Recorte do mapa de localización das empresas con actividades existentes no ámbito do proxecto mineiro. Fonte: EsIA do proxecto mineiro.

Así mesmo, considérase imprescindible que o estudo dos efectos sinérxicos teña en conta tamén os proxectos localizados na contorna do proxecto mineiro, tanto proxectos en funcionamento como en tramitación, así como estudar certos ecosistemas que poden verse alterados debido a súa conexión con este, como por exemplo o río Ulla. Así pois, por exemplo, debe incluírse entre os proxectos a analizar, a posible implantación do proxecto GAMA de produción de fibra téxtil a base de celulosa (coñecido como proxecto ALTRI) e as repercusións sinérxicas sobre o sistema fluvial do Ulla.

En definitiva, o **Concello de Touro solicita a realización dun estudo de efectos sinérxicos e acumulativos con tódolos proxectos na zona, tanto en funcionamento como en tramitación**, onde se estuden as afeccións a variables como o benestar veciñal (ruído, vibracións, calidade do aire, abastecemento de auga, etc.), biodiversidade, paisaxe, benestar animal, etc.

2.4.5 A documentación achegada pola promotora non aporta información detallada e concreta da aplicación dos tecnosolos no proceso produtivo da mina

O EslA do proxecto mineiro sinala que: <<**se contempla la deposición de capas de tecnosolos**, de potencia no superior a 30 cm, entre los diferentes recrecimientos de la **escombrera PAG**, que serán de 10 metros. Esto contribuirá a la mejora de las aguas de contacto de esta instalación>>. Así mesmo, no apartado “16. Medidas preventivas, correctoras y compensatorias” sinala o seguinte.

FASE OPERACIÓN. Medidas correctoras calidad aguas interiores del Proyecto

- Tratamientos pasivos basados en humedales reactivos

También se plantean por parte de Felipe Macías Vázquez, Catedrático de Edafología de la USC y experto de prestigio internacional en la gestión de las aguas ácidas de mina, otros tratamientos pasivos mediante el empleo de tecnosoles.

En este sentido, se han diseñado cinco humedales reactivos con tecnosoles reductores, adsorbentes de sulfatos, sambaqui, ándicos, gleicos, hísticos y eutrofizantes que, en caso necesario, corrija la calidad de las aguas antes de su entrada a los cursos fluviales naturales.

En el diseño de estos nuevos humedales se ha tenido en cuenta la necesidad de naturalidad e integración paisajística, incremento de la biodiversidad florística y faunística y de la actividad biológica, originando la recuperación de hábitats. En ningún caso pueden utilizarse materiales alóctonos, derivados de residuos o materiales procedentes de otras canteras que las existentes en las zonas de anfibolitas o paragneises.

A la hora de la realización del proyecto constructivo se decidirá el tratamiento pasivo más adecuado, previa autorización del organismo de cuenca.

Figura 21. Medida correctora da calidade das augas: aplicación de tecnosolos. Fonte: EslA do proxecto mineiro.

O Plan de Restauración no seu Anexo XXII inclúe o “Proyecto Construtivo de la Escombrera PAG del Proyecto Cobre San Rafael” (documento PDF con 740 páxinas) onde se expresa a intención de aplicar estes tecnosolos na escombreira PAG, pero non se aporta ningunha información de detalle do proceso, metodoloxía, previsións, etc.

Por tanto, **o Concello de Touro considera que a promotora debe aportar un estudo específico do uso e aplicación dos tecnosolos no ámbito do proxecto, así como aportar estudos das actuais aplicacións nos terreos da antiga mina.**

2.4.5. O “Anexo 29 – Estudio de Impacto e Integración Paisajística del Proyecto Cobre San Rafael 2022” do EslA incumpre a lei estatal de avaliación ambiental

O “Anexo 29 Estudio de Impacto e Integración Paisajística” do EslA non identifica a autoría do mesmo. O apartado “2.3 Equipo Redactor del Proyecto de EIMP” está baleiro, indicándose unicamente no encabezado do documento: o logo da Universidade de Vigo. Así mesmo, na páxina 163 do documento volve estar en branco o apartado do equipo redactor. Na planimetría adxunta ao final do documento indícase como autoría dos planos: “Fuente: elaboración propia”. O documento tampouco aporta sinaturas electrónicas. Unicamente sinala de xeito escrito a data “xullo 2022”, como data de finalización do documento.

O Anexo 1 do EslA titulado “Ficha de informes y/o documentos de estudios preoperacionales específicos” identifica aos autores do anexo relativo a avaliación paisaxística, indicando nome e titulación dos autores pero indica como data “maio 2021”.

Nese sentido, a lei estatal de avaliación ambiental establece o deber de identificar as persoas autoras da documentación ambiental presentada, co obxectivo de garantir a suficiente capacidade técnica do documento. Así no artigo 16 “Capacidad técnica y responsabilidad del autor de los estudios y documentos ambientales” da Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental indícase o seguinte:

*1. El promotor garantizará que el documento inicial estratégico, el estudio ambiental estratégico y el documento ambiental estratégico, en el caso de la evaluación ambiental estratégica, y el documento inicial, el **estudio de impacto ambiental** y el documento ambiental, en el caso de la evaluación de impacto ambiental, han sido realizados por personas que posean la capacidad técnica suficiente de conformidad con las normas sobre cualificaciones profesionales y de la educación superior, y tendrán la calidad y exhaustividad necesarias para cumplir las exigencias de esta ley. Para ello, **los estudios y documentos ambientales mencionados deberán identificar a su autor o autores indicando su titulación y, en su***

caso, profesión regulada. Además, deberá constar la fecha de conclusión y firma del autor.

2. Los autores de los citados documentos serán responsables del contenido y fiabilidad de los estudios y documentos ambientales citados en el apartado anterior, excepto en lo que se refiere a los datos recibidos de la Administración de forma fehaciente.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte que a documentación referida ao estudo de paisaxe do proxecto (“Estudio de Impacto e Integración Paisajística (EIIP)” non cumpre a lei estatal de avaliación ambiental**, ao non incluírse as sinaturas dos autores e detectarse incoherencias na data de conclusión do citado estudo.

2.4.6. O EsIA recolle unha análise incompleta da alternativa de non execución do proxecto mineiro (alternativa cero)

Segundo o establecido no apartado b do artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establécese que o EsIA debe incluír o seguinte:

*<<Descripción de las diversas alternativas razonables estudiadas que tengan relación con el proyecto y sus características específicas, incluida la **alternativa 0**, o de no realización del proyecto, y una justificación de las principales razones de la solución adoptada, teniendo en cuenta los efectos del proyecto sobre el medio ambiente.>>*

Ademais, o Anexo VI da citada lei sinala a seguinte consideración:

*<<Respecto a la **alternativa 0**, o de no actuación, se realizará una descripción de los aspectos pertinentes de la situación actual del medio ambiente (hipótesis de referencia), y una presentación de su evolución probable en caso de no realización del proyecto, en la medida en que los cambios naturales con respecto a la hipótesis de referencia puedan evaluarse mediante un esfuerzo razonable, de acuerdo a la disponibilidad de información medioambiental y los conocimientos científicos.>>*

A breve análise realizada pola promotora no apartado correspondente (7.2 do EsIA do proxecto mineiro) céntrase en que se non se realiza o proxecto, isto suporía: <<non materializar unha restauración morfolóxica total dos terreos afectados nin aproveitar un recurso mineral estratéxico >>. Tampouco se explica a posible evolución do entorno en ausencia do proxecto mineiro.

Neste sentido, convén sinalar que a non execución do proxecto non implica que non se poida realizar unha restauración ambiental e paisaxística da zona, tendo ademais en conta as condicións ambientais negativas actuais do ámbito. O EsIA tampouco propón unha alternativa que consista na restauración ambiental da zona.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte que non se compara a alternativa cero coas outras dúas alternativas, polo que se está a dar un sesgo premeditado na información do EsIA.** Considérase que o EsIA estase centrando só nos efectos considerados positivos que implican a execución e funcionamento do proxecto mineiro.

2.4.7. A reportaxe fotográfica do EsIA atópase incompleta.

O “Anexo 34 – Dossier fotográfico de la zona de actuación“ do Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) do proxecto mineiro presenta unicamente 30 fotografías tomadas na zona de actuación do proxecto mineiro. Nesta reportaxe non se inclúen fotografías da localización e situación actual das liñas eléctricas necesarias para o funcionamento da explotación mineira, dado que estas están gardadas no anexo IV do “Documento Ambiental LAT Portodemouro-Touro”.

Ademais non se informa da localización da toma das fotografías, nin mediante indicación das coordenadas xeográficas nin coa sinalización en planos de cada unha delas. Igualmente considérase que as 812 ha de superficie do proxecto mineiro non se poden ver reflexadas en unicamente 30 fotografías. Tampouco se aporta unha explicación do punto de localización da imaxe fotográfica, nin se explica o que se está a ver en cada unha destas imaxes.

Convén sinalar que a falta dunha documentación gráfica da situación actual das zonas onde se proxectan as actuacións do proxecto mineiro, impedirán realizar comparacións coa situación previa ás obras. Por exemplo, impedirase comprobar se a cobertura vexetal trala fase de restauración é semellante á inicial.

En definitiva, debido as dimensións do proxecto mineiro, **o Concello de Touro, solicita a incorporación dunha reportaxe fotográfica completa da situación actual** onde se inclúa: unha representación fidedigna das 812 hectáreas que engloban a delimitación do ámbito do proxecto maila localización dos trazados das liñas eléctricas incluídas no proxecto. Estas fotografías deberán contar con detalle cartográfico así como unha explicación da imaxe.

2.4.8. Erratas nas coordenadas dos apoios das infraestruturas de subministración eléctrica.

Na carpeta 03 do expediente recompílanse os tres documentos correspondentes aos proxectos técnicos das liñas eléctricas necesarias para subministrar electricidade ao proxecto mineiro, así como a RBDA das mesmas.

Nos documentos dos Proxectos Técnicos da LAT 66 kV SUB Portodemouros – SUB Touro e da LAT 66 kV SUB Touro - SUB Mina San Rafael detéctanse erratas nas coordenadas xeográficas indicadas, atopándose diferenzas coa planimetría correspondente (ver as seguintes Táboas 2 e 3).

En definitiva, debido a falta de cartografía dixital e a información facilitada incorrecta, imposibilitase a avaliación do expediente de xeito correcto. **O Concello de Touro solicita a corrección das erratas das coordenadas, así como a achega de cartografía dixital vectorial compatible con SIX para poder realizar unha avaliación axeitada.**

Táboa 4. Comparativa dos erros nas coordenadas dos apoios da LAT 66 kV SUB Portodemouros – SUB Touro.

Tramo	Código apoio	FONTE: Proxecto Técnico		FONTE: TYS&GAL.	
		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N	
		X	Y	X	Y
II	1	556.825	4.744.780	565.825	4.744.780

Tramo	Código apoio	FONTE: Proxecto Técnico		FONTE: TYS&AL.	
		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N	
		X	Y	X	Y
II	2	556.398	4.744.769	565.468	4.744.815
III	2	556.398	4.746.769	565.468	4.744.815
V	22	554.874	4.748.573	561.900	4.745.383
V	23	554.764	4.748.585	556.640	4.746.797
VI	23	556.653	4.746.746	556.640	4.746.797
VI	1	556.537	4.746.7767		

Nota: en color vermello a coordenada incorrecta.

Táboa 5. Comparativa dos erros nas coordenadas dos apoios da LAT 66 kV SUB Touro – SUB Mina San Rafael.

Tramo	Código apoio	FONTE: Proxecto Técnico		FONTE: TYS&AL.	
		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N		Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29 N	
		X	Y	X	Y
II	1	556.577	4.746.767	556.557	4.746.767

Nota: en color vermello a coordenada incorrecta.

2.4.9. Falta de información no documento de planos do Proxecto de Explotación: non se mostra a lenda.

O documento “PE02-Planos Memoria” da carpeta “01-PE” do expediente recompila os planos do proxecto de explotación. Non obstante, a partir do plano N.º3 ata o plano N.º14, non se mostra a lenda dos mesmos. Polo tanto, existen 12 planos que carecen de información detallada e correcta para a súa interpretación. Por tanto, **o Concello de Touro solicita o envío da documentación planimétrica completa.**

2.4.10. Erratas nos títulos dos planos do Proxecto Técnico da LAT 66 kV Subestación Touro – Subestación Mina San Rafael

O documento do Proxecto Técnico da “LAT 66 kV Subestación Touro – Subestación Mina San Rafael” recollido na carpeta 03 do expediente, adxunta no final do mesmo os planos. Detéctase erratas nos títulos dos planos Nº CE-02 e CE-03, onde se indican <<Línea Media Tensión 20 kV SC Suministro Provisional para obras Mina de Touro>> onde debería indicar <<Línea Alta Tensión 66 kV Subestación Touro a Subestación Mina San Rafael>>. Por tanto, **o Concello de Touro advirte das erratas detectadas co obxectivo de que sexan corrixidas.**

2.5. AFECCIÓNS SOBRE A BIODIVERSIDADE

2.5.1. O proxecto mineiro formulado impide a restauración ambiental completa e exhaustiva da zona, así como a recuperación do benestar da veciñanza de Touro.

O proxecto Cobre San Rafael proxéctase nunha zona que tivo anteriormente un aproveitamento mineiro de cobre activo entre os anos 1974-1986. As consecuencias ambientais da antiga mina de cobre non foron estudadas de forma detallada nin reparadas. Case 40 anos despois do fin da actividade mineira, o ámbito trátase dun espazo en abandono, sen restauración ambiental global e efectiva, cuxas principais consecuencias son:

- Cursos fluviais contaminados polo drenaxe acedo da mina. Calidade das augas dos canles alterada polas antigas "cortas" mineiras e entulleiras por xeración de augas acedas.
- Captacións para abastecemento de auga da veciñanza alteradas, contaminadas ou eliminadas (fontes, mananciais e pozos inservibles).
- Terras con capacidade produtiva agraria que non se poden empregar.
- Eliminación de hábitats. Non se realizou unha revexetación e recuperación de hábitats adecuada. O plan de restauración no ano 1998 consistiu na plantación de eucaliptos.
- Xeomorfoloxía alterada. Calidade paisaxística alterada pola presenza de elementos das antigas cortas, non integradas na paisaxe. Non se realizaron actuacións de recomposición da morfoloxía natural.

Así mesmo, a actual actividade do centro de valorización ambiental coa fabricación de solos artificiais nos terreos das entulleiras e das cortas, a aplicación de tecnosolos nas cabeceiras dos ríos, a compostaxe de residuos orgánicos (lodos de depuradora, restos vexetais, cinzas,...) etc., incrementa as afeccións ambientais na zona. Ademais de producir novos impactos para a veciñanza como contaminación atmosférica debido ao cheiros producidos, transporte de vehículos pesados, inseguridade vial, contaminación das augas (xeración de lixiviados), etc.

Por outra banda, considérase que o tratamento das augas provenientes da antiga corta de Arinteiro e o proxecto de drenaxe temporal da mina para verter as augas dos regatos contaminados á balsa da antiga corta de Vieiro, son insuficientes.

Convén sinalar que tralo sometemento deste proxecto mineiro no ano 2020, a implicación da sociedade e de certos departamentos da administración permitiu que se comezasen a estudar parte das variables ambientais máis afectadas, co obxectivo de documentar o estado actual e trazar un plan de mellora. Non obstante, considérase que a metodoloxía actual levada a cabo non está baseada nunha planificación que englobe tódolos factores e axentes implicados, así como unha planificación transversal e sen parches.

En definitiva, **o Concello de Touro solicita a inclusión dun estudo específico que detalle a situación ambiental actual**, tendo en conta tódalas posibles variables afectadas (augas, solos, vexetación, fauna, etc.). Considérase imprescindible comprender as problemáticas do ámbito do proxecto para poder levar a cabo unha **planificación de restauración ambiental e paisaxística axeitada**. Así mesmo, deben ser estudadas as actuais actividades industriais no ámbito do proxecto mineiro que seguen xerando afeccións á calidade do aire, ruído, calidade das augas, consumo de recursos naturais e ocupación do solo, entre outras.

2.5.2. O Plan de Restauración do proxecto mineiro non aporta información detallada en certas variables imprescindibles para adoptar unha planificación axeitada.

No interior do ámbito de actuación do proxecto mineiro inclúese un espazo que non será obxecto de aproveitamento mineiro: o antigo depósito de estériles “Touro” que ocupa 45,76 ha (39,49 ha de plataforma e 6,27 ha de taludes).

Para esta zona localizada na marxe norte de Touro (Fonte Díaz), no Plan de Restauración do proxecto, contemplan que ao final da fase de labores preparatorias (ano 0) se realice unha revexetación das superficies actualmente descubertas. Contémplase a revexetación mediante hidrosiembra dos taludes exteriores e para a plataforma contémplase a preparación do solo (gradeo e

abonado) e a revexetación mediante sementeira de herbáceas para a implantación de pradeira natural.

Así mesmo, como medidas compensatorias a promotora contempla unha planta fotovoltaica de 29 MWp (30 hectáreas) sendo empregada polo proxecto (constituiría un 26 % das súas necesidades). Non obstante, a promotora non achega máis información ao respecto desta medida.




Figura 22. Recorte da localización da restauración ambiental proxectada para o antigo depósito de estériles (esquerda) e instalación dunha planta fotovoltaica (dereita). Fonte: Plan de Restauración do proxecto.

Polo tanto, **o Concello de Touro solicita a realización dunha proposta detallada e concreta da instalación da planta fotovoltaica.**

2.5.3. O EsIA non aporta ningún estudo de campo sobre a fauna presente e a súa potencial afección.

O EsIA realiza unha análise da fauna baseándose en diferentes fontes de información, entre as que destacan Atlas e Libros Vermellos das especies terrestres (mamíferos terrestres, aves, anfibios e réptiles), e a malla do IEET, ademais das observacións en campo durante os traballos de caracterización ambiental da contorna. Non obstante, no EsIA non se especifican os traballos de identificación e caracterización das comunidades faunísticas presentes no ámbito, como pode ser a realización de transectos, estacións de observación, etc.

Debido ao severos impactos que este proxecto mineiro pode producir no hábitat das numerosas especies, considérase necesaria a realización e

presentación dun censo e caracterización da fauna potencialmente presente na zona de explotación, baseándose en traballos de campo. Revisada a documentación, detéctase que estes traballos unicamente se realizaron para o estudo da afección á fauna por parte das liñas eléctricas de subministro.

Así mesmo, non se realizou a caracterización faunística do humidal reactivo artificial situado na zona onde se realizará a corta de Bama-Brandelos. Esta actuación mineira suporá a destrución completa desta área, espazo que conta actualmente con poboacións de aves acuáticas entre as que destacan anátidas e rálidos.

En definitiva, **o Concello de Touro solicítalle á promotora a presentación dun estudo de fauna baseado en prospeccións en campo**, onde ademais dos resultados obtidos, se determinen a metodoloxía e recursos empregados.

2.5.4. O EslA non aporta ningún estudo específico da presenza de quirópteros no ámbito do proxecto. Previsible afección directa sobre o hábitat dos quirópteros presentes na antiga mina.

A promotora non achega ningún estudo específico con traballo de campo para a determinación da presenza de refuxios de quirópteros na zona de implantación do proxecto mineiro e a súa infraestrutura de subministro eléctrico. Os EslA do proxecto mineiro e da liña eléctrica limítanse a sentenciar que as especies de quirópteros catalogadas como vulnerables polo CEEA (Catálogo Español de Especies Amenazadas) e polo CGEA (Catálogo Galego de Especies Ameazadas): ***Rhinolophus ferrumequinum* (morcego de ferradura grande) e *Rhinolophus hipposideros* (morcego pequeno de ferradura)** son especies probables no ámbito de proxecto debido as características dos hábitats presentes. Sinalan tamén que **<<durante as visitas para a realización dos traballos de campo dos EslAs e das campañas preoperacionais non se observou a presenza>>** dos mesmos. Noutro apartado da memoria conclúese: **<<non se identificaron especies (de fauna) con algún réxime de protección no interior dos terreos do proxecto>>**. É dicir, afirmase que non se detectou presenza in situ pero non se facilita información sobre a prospección e detección en campo, nin o estudo da distribución deste grupo faunístico. Así mesmo, non se aporta a análise realizada para estimar o grao de afección a estas especies.

Neste sentido, convén facer referencia ao indicado polo “**Asociación Drosera para Estudo e Conservación do Medio Natural**” no ano 2017. Esta asociación científica **constataba a existencia destes mamíferos nos terreos do ámbito do proxecto mineiro**. Trala prospección e revisión durante a saída de campo dunha galería duns 150 m de lonxitude pertencente a unha antiga explotación de ouro, identificaron individuos da especie *Rhinolophus ferrumequinum* (morcego de ferradura grande). Ademais constataron que se trataba dunha **zona de ocupación frecuente** debido á cantidade significativa de excrementos da especie detectados no fondo da cavidade.

Tal como indica DROSER, o *Rhinolophus ferrumequinum* é unha especie cavernícola que frecuentemente emprega minas de galería abandonadas, tanto para o refuxio de hibernación coma para refuxio de cría nos meses do verán. Así mesmo, segundo o MITERD esta especie refúxíase en cavidades que poden estar lonxe de zonas forestais, aínda que empreguen frecuentemente os bosques para cazar. Así pois, ao tratarse dunha especie catalogada, requírese dun estudo do uso da cavidade pola especie ao longo do ano para determinar: tamaño do grupo, época de presenza, estado de conservación dos individuos e a súa fenoloxía relacionada co uso deste refuxio (hibernación, cría, transicional ou de apareamento).

Cómpre sinalar a importancia das minas abandonadas para as especies cavernícolas de morcegos (SECEMU, 2001²), sendo moi importantes na nosa comunidade autónoma, debido a ausencia de cavidades naturais na maior parte do territorio galego. Estes lugares son empregados con frecuencia como sitios swarming. Trátase de <<localizacións nas que se reúnen un considerable número de especies de morcegos coa finalidade de aparearse, favorecendo o fluxo xenético entre poboacións máis ailladas. Ademais desta función fundamental, os sitios swarming son moitas veces empregados como zonas de

² SECEMU, 2001. Los murciélagos, un mundo de sorpresas. *Una aproximación didáctica en La Rioja. Barbastella*, 2, 24-26.

refuxio transitorio entre as migracións estacionais. Por todo isto, a identificación e protección dos mesmos faise vital>> (DROSER, 2017).

Por tanto, o estudo e avaliación de afección a especies chave como o *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros* é de vital importancia para previr as potenciais afeccións á conservación das súas poboacións por parte da instalación da explotación mineira. Así é que a avaliación da potencial afección pola implantación dun proxecto das dimensións dunha mina a ceo aberto debe ser realizada de forma rigorosa. Para iso débense empregar técnicas de mostraxe contrastadas, directrices ministeriais e rexionais, así como as recomendadas por institucións científicas para este tipo de impacto ambiental.

Por tanto, a promotora a pesares de indicar que realizou traballo de campo, non informa das áreas estudadas (con cartografía xeral e de detalle), da metodoloxía empregada (tanto para a prospección como para as medidas recomendadas para o seguimento destas especies) e da bibliografía consultada, nin tampouco indica as áreas probables ou potenciais de presenza. Se as citadas especies e as súas poboacións non son estudadas na área de influencia do proxecto, tampouco se contemplarán as medidas necesarias para previr e reducir os seus impactos directos e indirectos.

Por todo o exposto, **o Concello de Touro solicita a achega da documentación** que xustifique o suposto traballo de campo realizado para determinar a presenza de quirópteros no ámbito do proxecto. Esta documentación deberá incluír o seguinte: autoría do traballo (profesionais con experiencia e coñecementos nos estudos de detección de quirópteros), a metodoloxía levada a cabo (período de prospección, técnicas de mostraxe empregadas, material, áreas estudadas, esforzo de prospección, datas de prospección e seguimento, frecuencia da mostraxe, medidas adoptadas para evitar as afeccións a fauna e flora durante as prospeccións, bibliografía consultada, etc.), resultados de detección (localizacións exactas, tamaño do grupo, época de presenza, estado de conservación da poboación, usos do territorio, tipo de refuxio, comportamentos, etc.) e potenciais medidas correctoras. Así mesmo,

deberá informar da análise e avaliación da potencial afección derivada da implantación do proxecto mineiro.

En definitiva, **o Concello de Touro solicita á promotora a realización dun estudo específico relativo aos quirópteros que empregan a contorna da mina de Touro, prestando especial atención ás antigas cavidades que se van ver impactadas polo proxecto, debendo estudarse tódalas especies potencialmente presentes.**

2.5.5. O EslA non presenta un estudo de afección sobre o hábitat do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*). Previsible afección directa das actuacións do proxecto mineiro sobre o seu hábitat.

A zona de implantación da explotación mineira Cobre San Rafael afecta directamente a varios cursos fluviais, entre eles os afluentes do río Brandelos que verten as súas augas ao Rego de Prevediños ou Vilapedre. O Rego de Prevediños ou Vilapedre é afluente do Río Ulla que constitúe a Zona de Especial Conservación “Sistema Fluvial Ulla-Deza”, espazo Rede Natura 2000 localizado a 3,7 km ao sur do proxecto mineiro.





Figura 23. Situación da zona obxecto do informe incluída na área de estudo do proxecto LIFE+ MARGAL-ULLA. Localización dos espazos Rede Natura 2000 próximos.




Figura 24. Detalle da figura anterior.

No citado río Brandelos, a comunidade científica detectou a presenza³ do micromamífero *Galemys pyrenaicus*, especie catalogada como Vulnerable tanto no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) como no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA). A detección desta especie débese ao Proxecto LIFE + MARGAL ULLA promovido pola Xunta de Galicia e que tiña como obxectivo o estudo das poboación do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*) e do mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*). Este proxecto tivo lugar entre os anos 2010-2015, onde se levaron a cabo inventarios das poboacións de *Galemys pyrenaicus*; estudos do uso do espazo e recuperación da conectividade; inventario e caracterización dos focos de contaminación e das zonas de ribeira degradadas; así como actuacións concretas de conservación e mellora do hábitat, de divulgación e concienciación pública. A área de estudo foi a cunca do Ulla (onde se localiza o ámbito do presente proxecto mineiro) excluíndo a subcunca do Río Sar. Os ríos e regatos estudados son os afluentes mais importantes entre os que verten directamente ao Río Ulla, como o caso do río Brandelos.

Polo tanto, a afección aos regatos que verten as súas augas ao río Brandelos, provocada pola implantación do proxecto mineiro, afectarán previsiblemente de forma significativa ao hábitat e conservación do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*). Os furapreseiras habitan en cursos de auga cun bo estado de conservación e unha calidade das augas aceptable, preferiblemente montañoso. Así mesmo, precisa de bosques de ribeira ben conservados e unha regularidade no caudal, osixenación e ausencia de contaminación das augas.

Deste xeito, **as actuacións promovidas pola promotora relativas ao desvío dos tramos fluviais**: rego Pucheiros (que nace no monte de Arinteiro e desemboca no río Brandelos) e rego do Burgo (que nace no Picón da Arca no monte de Arinteiro e desemboca tamén no río Brandelos), suporán unha grave afección ao ecosistema do río Brandelos. Esta alteración dos cauces, **así como a**

³ Durante os traballos de censado do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*) por parte do proxecto LIFE+ MARGAL ULLA, determinouse a súa presenza no río Brandelos mediante a detección nos excrementos do seu principal depredador: a lontra (*Lutra lutra*).

potencial contaminación das augas, repercutirán negativamente na supervivencia do *Galemys pyrenaicus*, ao alterarse o seu hábitat.

Tendo en conta que se trata dunha especie vulnerable, o intercambio xenético é vital para a súa supervivencia. A alteración dun río implica que os individuos dese curso afectado terán que abandonar esa zona, reducindo así a supervivencia desta especie (Fernandes et al., 2011⁴; Charbonnel et al., 2015⁵). Convén lembrar que os ríos funcionan como corredores ecolóxicos e contribúen á conectividade entre diferentes poboacións para o seu intercambio xenético (Escoda et al., 2017⁶).

Polo tanto, o *Galemys pyrenaicus* precisa dunha atención especial dende o punto de vista da súa conservación, debido ao **limitado ámbito xeográfico da súa distribución a escala mundial**, sendo ademais unha especie **endémica da península ibérica**.




Figura 25. Fotografía e distribución mundial do *Galemys pyrenaicus*. Fonte: indicadas nos mapas.

⁴ Fernandes M, Herrero J, Aulagnier S, Amori G (2011) *Galemys pyrenaicus*. IUCN Red List of Threatened Species. Version 2011.2, 1–3.

⁵ Charbonnel A, Buisson L, Biffi M, D'Amico F, Besnard A, Aulagnier S, Blanc F, Gillet F, Lacaze V, Michaux JR, Némoz M, Pagé C, Sanchez-Perez JM, Sauvage S, Laffaille P (2015) Integrating hydrological features and genetically validated occurrence data in occupancy modelling of an endemic and endangered semi-aquatic mammal, *Galemys pyrenaicus*, in a Pyrenean catchment. *Biological Conservation*, 184, 182–192.

⁶ Escoda, L., González-Esteban, J., Gómez, A., & Castresana, J. (2017). Using relatedness networks to infer contemporary dispersal: Application to the endangered mammal *Galemys pyrenaicus*. *Molecular Ecology*, 26(13), 3343–3357.

Así é que, dados os datos de regresión das poboacións de furapreseiras en Galicia e en concreto na bacía do Ulla, a súa categorización como especie vulnerable e a súa presenza no río Brandelos, **o Concello de Touro entende que a protección e conservación desta especie debe ser prioritaria.** O Concello de Touro considera que o estudo, análise e avaliación do impacto presentado pola promotora sobre o *Galemys pyrenaicus* é insuficiente. Así pois, non se aporta información da situación real e actual da especie, información da abundancia e uso do territorio, así como información da metodoloxía de mostraxe empregada en campo. En consecuencia, tampouco se realiza unha avaliación da potencial afección do proxecto mineiro sobre o furapreseiras.

Do mesmo xeito, considérase que se esta especie e as súas poboacións non son estudadas na área de influencia de implantación do proxecto mineiro tampouco se contemplarán as medidas axeitadas para previr e reducir os seus impactos directos e indirectos. Así é que as medidas propostas son insuficientes, con obxectivos xeneralistas, sen obxectivos específicos nin cartografía de detalle. Non se están a propor medidas concretas, baseadas na situación específica da área de implantación do proxecto mineiro e a súa contorna.

En definitiva, **o Concello de Touro esixe á promotora a realización dun estudo detallado sobre a afección ao hábitat e conservación da especie *Galemys pyrenaicus*.**

2.5.6. Afección sobre a área de distribución do endemismo *Silphotrupes punctatissimus* (especie de coleóptero).

A zona de implantación da explotación mineira forma parte da área de distribución da especie de coleóptero *Silphotrupes punctatissimus*, tal como se indica no inventario faunístico da memoria do EslA do presente proxecto. Non obstante, no EslA non se presenta unha caracterización da súa poboación, nin se aporta unha valoración do impacto, nin se propoñen medidas preventivas ou correctoras para garantir a conservación desta especie.

O coleóptero *Silphotrupes punctatissimus* tamén denominado como *Thorectes punctatissimus* atópase catalogado como Vulnerable no “Atlas y Libro Rojo de los Invertebrados de España (especies vulnerables)”. Trátase dun coleóptero coprófago endémico do sector Galaico-asturiano que habita en zonas de montaña. Vive en áreas de matogueira e pasto, preferentemente en zonas con vexetación en mosaico, como pastizais e piornais. Aliméntase principalmente de excrementos de gando ovino e caprino, así como de corzo e cervo. A súa área de distribución é moi fragmentada debido á súa incapacidade para voar (carácter áptero).



Figura 26. Fotografía e distribución na península ibérica do *Silphotrupes punctatissimus*. Fonte: Atlas y Libro Rojo de los Invertebrados de España (especies vulnerables).



Figura 27. Exemplares de corzo (*Capreolus capreolus*) dentro do ámbito de explotación cuxos excrementos forman parte da dieta de *Silphotrupes punctatissimus*. Fonte: xornada de campo de TYS&AL

As principais ameazas para a supervivencia desta especie veñen orixinadas pola fragmentación e a súa escasa área de distribución. A eliminación da cuberta vexetal (eliminación de matogueira e prados) supón un impacto severo para a supervivencia das súas poboacións, así como a presenza de balsas de auga que actúan como trampas mortais para a especie. Ademais, esta especie ten hábitos crepusculares, polo que a xeración de novas infraestruturas viarias é unha ameaza real para eles. Isto último supón a fragmentación do hábitat e a mortalidade directa dos individuos (ao non seren facilmente visibles e seren atropelados ao non poder saír voando) (Gallego et al, 2018; Numa et. Al, 2020)⁷.

Por outra banda, debido a dependencia desta especie coprófaga da presenza de gando para a súa alimentación, a implantación desta mina alteraría o establecemento do gando na área, polo que afectaría á supervivencia deste invertebrado.

Por tanto, dado que a área de distribución do ***Silphotrupes punctatissimus*** coincide coa área de actuación do proxecto mineiro (cuadrícula UTM 10x10 km 29TNH54) e dada a existencia de hábitats propicios para a presenza desta especie, **considérase imprescindible estudar en profundidade a súa distribución e potencial afección derivada da implantación do proxecto mineiro**. Tendo en conta ademais que foi na zona de Fonte Díaz (Touro), onde se detectou esta especie segundo a información recompilada no “Atlas y Libro Rojo de los Invertebrados de España (especies vulnerables)”.

⁷ Gallego, B., Verdú, J. R., & Lobo, J. M. (2018). Comparative thermoregulation between different species of dung beetles (Coleoptera: Geotrupinae). *Journal of Thermal Biology*, 74, 84-91.

Numa, C., Tonelli, M., Lobo, J. M., Verdú, J. R., Lumaret, J. P., Sánchez-Piñero, F., Ruiz, J. L., et al. (2020). *The conservation status and distribution of Mediterranean dung beetles*. IUCN, Gland, Switzerland.

2.5.7. O EslA non presenta un Plan de xestión das especies vexetais exóticas invasoras que se expanden polo ámbito do proxecto mineiro.

A situación de abandono de gran parte das áreas da antiga mina deu lugar a unhas condicións idóneas para o desenvolvemento de especies vexetais invasoras. Dentro do ámbito onde se pretende implantar o proxecto de explotación mineira de Cobre San Rafael puideron identificarse diversas especies de flora catalogadas en Galicia como especies exóticas invasoras (ver Táboa 6).

*Táboa 6. Relación de especies exóticas invasoras localizadas dentro do ámbito do proxecto.
Fonte: Informe de alegacións do Concello de Touro no ano 2017 elaborado por AMBIOTEC;
xornada de campo realizada por TYS&AL.*

ESPECIE	NOME COMÚN	DISTRIBUCIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO MINEIRO
<i>Cortaderia selloana</i>	Herba da Pampa	Presenza na zona este do ámbito, na zona de monte das Lamas. Presenza na zona oeste do ámbito na zona de implantación da entulleira NAG de Bama-Brandelos e próxima ao "humidal reactivo".
<i>Acacia melanoxylon</i>	Acacia negra	Alta densidade de individuos na zona este e sueste do ámbito.
<i>Acacia dealbata</i>	Mimosa	Presente na zona este do ámbito.
<i>Arundo donax</i>	Caña	Localizado un grupo na ladeira do "humidal reactivo".
<i>Phytolacca americana</i>	Tintoreira, herba carmín	Presente na zona suroeste: na zona das cortas de Bama-Brandelos e da Arca

Convén sinalar que a alta capacidade de dispersión da *Cortaderia selloana*, que podería chegar a alcanzar as ribeiras do río Ulla, comprometendo o hábitat de ribeira deste espazo catalogado como Rede Natura 2000 (ZEC "Sistema fluvial Ulla-Deza).

O EslA fai referencia a presenza de especies exóticas invasoras no seu "18. Plan de Gestión de la Biodiversidad", concretamente no apartado "18.3.7. Plan de Control de Especies Exóticas Invasoras". Así sinalan que <<se elaborará un Plan específico de actuación fronte a las EEI, partiendo de que "la prevención es la medida más eficaz"; y se integrará en el PVA del Proyecto>>. Así mesmo pretenden levar a cabo unha estratexia xerárquica: primeiro prevención, logo detección temperá e erradicación rápida, e terceiro contención e control. Non obstante, non se aporta máis información ao respecto.

A promotora non presenta un plan de actuación fronte as EEI existentes no ámbito de actuación do proxecto, senón que sinala que o realizará no futuro, sen concretar tempo e forma. Dada a gravidade da situación actual do ámbito do proxecto, considérase que a promotora debe presentar neste procedemento de avaliación de impacto ambiental un plan coherente, específico e realista da xestión de especies vexetais exóticas invasoras. O plan debe avaliar a presenza destas especies, elaborar unha cartografía detallada e elaborar un programa que estableza as labores de eliminación así como os protocolos de execución que eviten que as actuacións mineiras acentúen a dispersión destas especies (labores de roza, reutilización de terra vexetal, etc.). Así mesmo, deberá contemplar campañas de seguimento ambiental para controlar e asegurar a súa contención.

Ademais considérase un grave erro realizar acopio da terra vexetal extraída dos traballos de escavación, sen planificar e establecer un protocolo que evite a dispersión desta flora invasora coa posterior utilización destas terras para o proceso de restauración dos terreos. Por tanto, as actuacións proxectadas incrementarán o risco de expansión das especies invasoras existentes debido ao alto grao de dispersión das súas sementes.

En definitiva, **o Concello de Touro esixe á promotora a presentación dun Plan de Xestión das EEI, suficientemente descrito, con orzamento e planificación de traballos.**

2.6. AFECCIÓNS SOBRE A REDE NATURA 2000

2.6.1. Afección ao ciclo hídrico e as masas de auga afectadas, así como o “ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza”.

O presente proxecto foi sometido a exposición pública no ano 2017 recibindo no ano 2020 unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable (asinada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na data 28/01/2020) <<ao considerar que o proxecto da concesión derivada do permiso de investigación “San Rafael número 2946” nos concellos de Touro e do Pino, situados na provincia da Coruña, promovido por Cobre San Rafael S.L. (2017/0084) **non acredita a ausencia de afeccións significativas sobre o ciclo hídrico e sobre as masas de auga afectadas nin conta coa conformidade do órgano competente; nin acredita a integridade da ZEC “Sistema fluvial Ulla-Deza”>>>. Isto deriva das conclusións recollidas nos informes desfavorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e Augas de Galicia:**


- << A reactivación da actividade mineira prevista vai supoñer unha **nova presión sobre os sistemas fluviais e as augas subterráneas**, sen que se garanta que non se vaia a producir un novo impacto negativo sobre o ciclo hídrico e sen que conste na formulación actual da avaliación practicada a necesaria conformidade da unidade competente en materia de planificación hidrolóxica do Organismo da Bacía >>.
- <<Na situación actual, o proxecto non dá resposta completa ás medidas de xestión a adoptar en caso de escenario accidental e, incluso, as medidas de prevención e xestión da continxencia parecen limitarse a xustificar que o suceso non se producirá. Por conseguinte, en caso de materializarse un escenario de risco, non se pode garantir que a actuación proxectada non produza unha nova afección aos valores naturais da zona nin un **prexuízo á integridade da Zona de Especial Conservación, en diante ZEC, “Sistema fluvial Ulla-Deza”>>>.**

O Concello de Touro considera que a nova documentación achegada pola promotora segue sen acreditar a non afección ao ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, así como tampouco formula medidas solventes para reducir a presión sobre a rede fluvial e as augas subterráneas.

2.7. AFECCIÓNS SOBRE AS AUGAS

2.7.1. Afección directa sobre a rede fluvial dentro da explotación mineira.

A explotación mineira afectará directamente aos nacementos e leitos fluviais que se atopan dentro da zona de implantación, como se pode ver no seguinte mapa. Veranse afectados o rego das Pucheiras e afluentes, así como afluentes do rego do Burgo.



*Nota: As letras presentes no plano representan os regatos recollidos no informe.

Figura 28. Cursos fluviais presentes no ámbito do proxecto. Como mapa base empregouse un plano coas actuacións previstas do proxecto recollido no Proxecto de Execución do mesmo.

Fonte: TYS&GAL.

No anterior mapa identifícanse tamén os afluentes e nacementos afectados:

(A) Nacemento dun afluente do rego das Pucheiras situado na zona de implantación do depósito de estériles de planta (DEP1). Prodúcese unha afección directa sobre o nacemento e os primeiros 650 m do tramo fluvial.

(B) Nacemento dun afluente do rego das Pucheiras afectado directamente pola localización do depósito de estériles de Vieiro-Ariniteiro (DEP 2).

(C) Nacemento dun afluente do rego do Burgo afectado directamente pola corta denominada Monte das Minas Oeste.

(D) Nacemento dun afluente do rego do Burgo afectado directamente pola localización da corta denominada Arca Central. Nalgún documento do proxecto aparece co nome de “Afluente Sur do Rego do Burgo”.

(E) Afluente do rego do Burgo afectado directamente pola entulleira NAG Arca.

A empresa promotora propón como medidas para reducir a afección sobre a rede fluvial: o desvío de dous regos. Trátase do rego das Pucherras que nace no monte de Arinteiro e desemboca no río Brandelos (un dos afluentes do río Ulla) e o rego do Burgo que nace no Picón da Arca (no monte de Arinteiro) e desemboca tamén no río Brandelos. Considérase estas medidas inapropiadas dado que estas alteracións se realizan nas cabeceiras dos regatos.

Ademais, a pesares dos desvíos proxectados, a cabeceira do rego Pucherras coincide coa zona de implantación da entulleira de estériles PAG quedando este rego sepultado. Así mesmo, o afluente do rego Pucherras tamén sería afectado directamente. Tal como se pode ver nos seguintes mapas do Anexo 26 do Proxecto de Execución.




Figura 29. Cabeceiras e tramos fluviais directamente afectados. Fonte: Anexo 26 do Proxecto de Execución.

Polo tanto, o Concello de Touro considera que a afección provocada pola implantación do proxecto mineiro sobre a rede fluvial é significativa, sendo as medidas propostas non axeitadas dada a alteración que suporía para as cabeceiras destes cursos fluviais.

2.8. AFECCIÓNS SOBRE A SAÚDE HUMANA

2.8.1. A rede municipal de abastecemento de auga de Touro non cubre a demanda solicitada pola promotora do proxecto mineiro.

A promotora pretende abastecer a explotación mineira mediante a utilización da rede de abastecemento municipal de Touro, o que supoñerá un elevado aumento do consumo. O abastecemento de auga neste concello realízase mediante unha rede xeral de distribución que cubre a maioría do municipio. As captacións realízanse aos mananciais en Cebreiro e Arinteiro (con tratamento de desinfección por cloración) e a captación ao río Lañas (con ETAP). Excluíndose a zona de Baiobre que conta cunha rede de distribución separada.




Figura 30. Rede de abastecemento do concello de Touro localizada nas inmediacións do proxecto mineiro. Mapa basa do Plan Auga 2010 da Xunta de Galicia. Fonte: TYS&AL.

A propia promotora reconece que a rede municipal de Touro non ten capacidade para abastecer o consumo necesario demandado pola explotación mineira. Así, o estudo realizado por Espina&Delfín no ano 2018 e que se adxunta no Anexo 22 do Proxecto de execución, sinala que, a rede de abastecemento non será capaz de cubrir as necesidades de abastecemento coa implantación da mina. É por iso que a promotora propón as seguintes actuacións para solventar estas incidencias:

- Reparación do azud do río Lañas.
- Impulsión dende EB captación ata o depósito de auga bruta ETAP.
- Extensión da red na Goleta.
- Extensión da rede nos Torreis de Arriba.
- Extensión da rede en Arinteiro.
- Estación de bombeo e impulsión ata a zona de servizos da mina.
- Actuación para unir a rede do depósito do polígono industrial coa rede municipal.
- Ampliación da ETAP.
- Ampliación da capacidade de bombeo de captación.

Neste sentido convén aclarar que a rede de distribución municipal non cubre as necesidades de abastecemento nas épocas de maior seca de toda a poboación usuaria. Posto que a perda do caudal do río Lañas imposibilita a captación da auga no punto de bombeo. Así pois, estas carencias recorrentes na época estival son solventadas con camións cisterna.



Figura 31. Río Lañas en decembro. Fonte: TYSGAL, 16/12/2024.

Por tanto, aínda que se realizasen tarefas de ampliación e mellora da rede de abastecemento, o río Lañas e o manancial Cebreiro non contan coa capacidade para soportar un aumento do consumo das dimensións propostas pola promotora, así como suplir a perda do manancial de Arinteiro.

Así mesmo é preciso salientar que no mesmo punto de captación do río Lañas, existe unha captación de Río Tinto para uso mineiro. Así, a promotora a pesares de anunciar que para o proceso mineiro vai utilizar auga reutilizada e en circuíto pechado, pretende manter esa concesión e uso. Por tanto, a concesión de Río Tinto compite por un recurso limitado e escaso en época estival co abastecemento á poboación a través da rede municipal.

Convén incidir que ademais da insuficiencia de recurso hídrico da rede municipal de abastecemento, esta rede non pode subministrar auga para outros usos diferentes do doméstico, dado que incumpriría o regulamento de subministro municipal. Isto é, a rede municipal non pode dar servizo as demandas de auga para regadío da poboación cuxos mananciais particulares ou veciñais serán afectados ou eliminados pola explotación mineira.

Ademais, convén aclarar que **o Concello de Touro non ten acordo nin trasladou o seu visto bo sobre as medidas propostas de abastecemento de auga presentadas pola promotora.** Cuestión que se aclara dado que o documento "Solicitud de permisos dirigidos a la administración" incluído na carpeta "01-PE" sinala un feito falso:

Las medidas compensatorias consisten en mejora de la captación, el aumento de capacidad de la ETAP municipal y ampliación de las infraestructuras asociadas, asegurando el suministro de agua potable debidamente tratada a todos los vecinos afectados. Esta información se encuentra detallada en el anejo 11. "Estudio de alternativas y medidas compensatorias para los abastecimientos de agua en el área de la explotación minera". Los costes de ejecución de las medidas compensatorias serán sufragados por Cobre San Rafael, S.L. y cuentan con el visto bueno de los Concellos y de las empresas concesionarias de aguas.

Figura 32. Recorte da páxina 74 do PDF "Anejo - Solicitud de permisos dirigidos a la administración hidráulica de Galicia. Augas de Galicia". Fonte: Proxecto de Execución.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte que as medidas formuladas pola promotora e Espina&Delfín non foron consultadas coa corporación municipal, rexeitándose as actuacións propostas dado que poñería en risco a capacidade de abastecemento de auga para os usuarios actuais.**

2.8.2. O proxecto mineiro afecta as captacións de abastecemento de auga da zona, as pertencentes a traída municipal de Touro, así como captacións privativas e veciñais. A promotora non identifica estas últimas polo que non se propoñen medidas compensatorias económicas nin alternativas de abastecemento.

Un proxecto mineiro implica a realización de actuacións de grandes dimensións e volume que se traducen na existencia de numerosos impactos significativos. O deseño deste tipo de proxectos nunha zona rural, próxima a núcleos de poboacións, fai necesario que se identifiquen e avalían as afeccións ás infraestruturas que compoñen os sistemas de abastecemento para consumo humano (doméstico e animal) e regadío.

As actuacións previstas do proxecto implican a afección a captacións da traída municipal: suporía a eliminación da captación de Arinteiro situado na área da entulleira PAG proxectada e suporía a afección a captación de Cebreiro (a condución sitúase no ámbito de actuación do proxecto, e a captación próxima a área de actuación). Estas captacións abastecen principalmente aos núcleos de Os Torreis de Arriba, A Goleta e Arinteiro, os cales corren o risco de quedar sen abastecemento de auga de consumo.

En canto as captacións privadas e veciñais que abastecen aos núcleos de poboación próximas do municipio de Touro (como Arinteiro, Os Torreis de Abaixo, As Goritas, Os Bravos, Tribás, Loxo, etc.) veranse alteradas ou eliminadas polas actuacións do proxecto. A promotora non recolle estas infraestruturas, non se teñen en conta no inventario presentado, nin na avaliación dos impactos para os núcleos rurais do Concello de Touro afectados.

Convén sinalar que a dispoñibilidade de auga é unha necesidade vital. Garantir o acceso a unha cantidade suficiente de auga potable, tanto para uso persoal como doméstico, é unha obriga dos países e estados, en cumprimento das normas internacionais dos Dereitos Humanos.

A promotora na documentación achegada só identifica 12 puntos de captación, cifra moi inferior as captacións detectadas tralas consultas realizadas á veciñanza. Así, advírtese da existencia de polo menos: **57 captacións de auga para abastecemento humano e regadío, 29 mananciais e**

3 fontes públicas con lavadoiro, localizadas no ámbito de actuación e nunha área de influencia de 500 m ao proxecto. Estas captacións veciñais e particulares son esenciais e insubstituíbles, son infraestruturas chave para garantir o abastecemento de auga destes núcleos de poboación.

Por tanto, advírtese á promotora da existencia de captacións de auga privadas e veciñais situadas nos terreos do ámbito do proxecto cuxa avaliación non foi estimada. Dada a alteración ou eliminación destas infraestruturas e da posible contaminación das augas, solicítase a elaboración dun inventario dos sistemas afectados e a avaliación das afeccións.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte do risco para a saúde da poboación abastecida (e do gando das explotacións gandeiras) con captacións localizadas na zona de actuacións do proxecto mineiro, tanto para a traída municipal como para as numerosas captacións privadas e veciñais. O proxecto mineiro é incompatible coa garantía de subministro de auga aos núcleos de poboación de Touro próximos.**




Figura 33. Captacións presentes no ámbito de actuación. Fonte: TYS&AL.

2.8.3. Máis de medio millar de veciños residen a menos de 500 m do ámbito de actuación da mina, o que supón numerosos efectos negativos no benestar da veciñanza de Touro e O Pino.

O proxecto mineiro sitúase nunha zona con núcleos rurais e un núcleo urbano a escasos metros do ámbito de actuación. Ademais, existen vivendas illadas, dotacións educativas, deportivas, sociais e lúdicas lindando co perímetro do ámbito do proxecto.

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) para o ano 2023, nunha área de influencia de 500 m ao ámbito da proxecto residen 670 veciños dos municipios de Touro e O Pino.

Táboa 7. Núcleos de poboación nas inmediacións do proxecto mineiro. Fonte: TYSGAL.

Termo municipal	Nome da delimitación de SNR	Entidades de poboación incluídas	Número de habitantes nas entidades de poboación incluídas (F.: IGE, 2023)	Distancia ao ámbito de actuación do proxecto mineiro (cálculo con SIX)
Touro	Arinteiro	Arinteiro	33	33 m
Touro	Os Torreis de Arriba	Os Torreis de Arriba	3	173 m
Touro	Os Torreis de Abaixo	Os Torreis de Abaixo	15	119 m
Touro	Tribás	Tribás	22	173 m
Touro	Fonte Díaz	Fonte Díaz	466	0 m
Touro	O Barral	O Barral	31	442 m
O Pino	Angumil	Angumil	21	268 m
O Pino	O Castelo	O Castelo, O Pazo, A Carballeira, A Modorra	79	202 m
Total		11	670	-

As consecuencias directas do aproveitamento mineiro para os núcleos de poboación son diversas: perda de confort sonoro (voaduras, tránsito de maquinaria e vehículos pesados), perda de calidade do aire (malos cheiros, po en suspensión, gases contaminantes), inseguridade vial (incremento do tráfico de vehículos pesados e lixeiros, empeoramento das vías de comunicación,

etc.), impacto visual, danos nos inmobles (gretas por voaduras), perigo de derrube do depósito de estériles e balsa de lodos, etc.

Nos seguintes mapas visualízase a proximidade dos núcleos de poboación ao ámbito de actuación do proxecto Cobre San Rafael.

Por tanto, **o Concello de Touro advirte das previsibles afeccións significativas sobre a poboación do municipio e contorna, e manifesta a incompatibilidade do proxecto co benestar da veciñanza.**




Figura 34. Núcleos de poboación ao carón do proxecto. Fonte: TYSGAL.




Figura 35. Núcleos de poboación ao carón do proxecto. Fonte: TYSGAL.

2.8.4. Riscos severos para a poboación asociados á instalación das balsas.

O proxecto pretende crear dúas balsas situadas na zona de depósito de estériles de planta (DEP1): a balsa de auga fresca (BAF), cunha capacidade de 650.000 m³ de auga, e a celda de almacenamento de sobrenadante (CAS) cunha superficie de 6,14 ha. Ademais, crearanse diversas balsas de decantación repartidas polo perímetro do ámbito e formarase unha lagoa operacional no centro do DEP1.

A BAF atópase situada dentro da vertente sur do monte das Minas, polo que en caso de rotura existe o risco de que a auga almacenada alcance as poboacións do concello de Touro: Arinteiro e Os Torreis de Arriba.

Debido ao elevado volume que se almacena nas balsas, a rotura destas pode supoñer un grave impacto na poboación, podendo chegar incluso a destruír edificacións e a cubrir parte do terreo debido ao arrastre de sedimentos.

Por último, tamén é importante sinalar que existe o risco de corremento dos materiais depositados no DEP1. Os cales poden terminar sepultando completamente as vivendas que se encontran na vertente da ladeira de implantación da escombreira.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte dos graves riscos para a poboación debido a implantación do proxecto mineiro. Considérase que a localización deste proxecto é incompatible coa situación dos núcleos rurais, sendo incompatible coa seguridade da veciñanza.**




Figura 36. Zonas de acumulación de auga dentro do proxecto con respecto aos núcleos de poboación.

2.8.5. A promotora non presenta un plan de evacuación da poboación en caso de rotura das balsas.

Trala revisión da documentación relativa a planificación da promotora sobre a evacuación da poboación en risco en caso de rotura das balsas (Anexo XIV, Anexo XXIII, Anexo XXIV e Anexo XXV do Plan de Restauración) detectouse o seguinte.

A promotora non recompila nos plans e sistemas de prevención de accidentes, un sistema de comunicación directa cos concellos veciños en caso de accidentes que poidan ocasionar repercusións no exterior da explotación mineira. Unicamente traslada a notificación a Protección Civil de Santiago de Compostela (981543105).

Por tanto, considérase que para asegurar unha rápida reacción en caso de suceder unha emerxencia que poida supoñer un risco para a poboación (como a rotura das balsas), débese planificar unha canle de comunicación cos Concellos limítrofes como o Concello de Touro e o Concello de O Pino. Así mesmo, detéctase a falta dun plan de evacuación que determine, entre outras cuestións, as rutas de evacuación da poboación que aseguren unha evacuación de forma segura e ordenada.

2.8.6. O proxecto provoca a perda de calidade do aire da veciñanza próxima.

Os traballos de extracción do material mineral implican a realización de voaduras de forma diaria dentro da zona de explotación mineira. Isto supoñerá un foco de ruído, po e vibracións que afectarán directamente á calidade de vida dos habitantes dos núcleos de poboación máis próximos. Dada a proximidade dos núcleos de poboación como o de Arinteiro, Torreis de Arriba e Torreis de Abaixo, coa localización das cortas proxectadas, estas emisións serán moi molestas para a veciñanza.

Así mesmo, o continuo movemento de maquinaria no ámbito e o continuo transporte de vehículos pesados de entrada e saída ao mesmo, así como a circulación polas vías de comunicación do municipio xerarán molestias aos veciños.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte da previsible perda de calidade de vida da veciñanza próxima, debido sobre todo ao empeoramento da calidade do aire.**

2.8.7. A promotora non achega o informe sobre as patoloxías perigosas para a saúde derivadas da minería e o estudo epidemiolóxico.

Para os proxectos mineiros, a Dirección Xeral de Saúde Pública acostuma requirirle á promotora a presentación: dun informe sobre as patoloxías perigosas para a saúde derivadas da minería, así como, dun estudo radiolóxico e dun epidemiolóxico.

Neste caso e para a data de emisión do presente informe, a promotora do proxecto Cobre San Rafael só presentou un estudo radiolóxico, recollido no Anexo 37 do EsIA. Así mesmo, considérase que este estudo aporta resultados pero non conclusións relativas as previsións de risco radiolóxico provocados pola implantación do proxecto mineiro.

Por tanto, **o Concello de Touro advirte que a promotora non facilitou ningún estudo sobre as patoloxías perigosas para a saúde derivadas da minería nin ningún estudo epidemiolóxico.**

2.9. AFECCIÓN SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

2.9.1. O proxecto mineiro será un gran emisor de gases de efecto invernadoiro.

A promotora no Anexo 4 do EslA estima que a actividade de extracción mineira proposta, xunto coas demais actividades do grupo empresarial (TEN, TYRMA), supoñerá a emisión de 752.157 toneladas de CO₂ durante os 13 anos en activo da mina. Estima liberar á atmosfera anualmente 57.858 toneladas de CO₂.

Nese mesmo documento sinalase que a compensación das emisións farase a través de proxectos forestais, mediante plantación de 7.000 frondosas revisando anualmente as estimacións de emisións de CO₂.

Por outra banda, na memoria do EslA sinala que co obxectivo de mitigar a pegada de carbono provocada pola explotación mineira, presenta unha serie de medidas encamiñadas a reducir as súas emisións. Así, propón a instalación dunha planta solar fotovoltaica; a compensación mediante actuacións no medio forestal; a revexetación das superficies afectadas por anteriores actividades mineiras; o fomento do uso de vehículos eléctricos e de hidróxeno verde; e a instalación dunha experiencia piloto dunha torre de captación de CO₂. Non obstante, as medidas propostas presentan unha notable falta de detalle, dado que non aportan información detallada sobre a localización exacta, os proxectos executivos, orzamentos, etc. Esta ausencia de concreción fai que se perciban como unha estratexia de greenswashing máis que un compromiso ambiental real.

Por tanto, **o Concello de Touro considera que as emisións de CO₂ provocadas polo complexo mineiro son elevadas e as medidas propostas de mitigación das mesmas non están garantidas, tendo en conta primeiramente o escaso nivel de información de detalle das mesmas.**

2.10. AFECCIÓN SOBRE A MOBILIDADE

2.10.1. O proxecto mineiro terá impactos significativos na mobilidade da zona como o aumento de tráfico, inseguridade viaria, perda da calidade do aire ou desconfort sonoro.

O proxecto de execución, no seu Anexo VI, propón diversos puntos de distribución que sirvan para a comercialización dos concentrados producidos na explotación mineira: Porto de Marín, Porto de Vilagarcía de Arousa e Porto exterior de A Coruña. Polo que será necesario a conexión coas redes viarias principais que faciliten o transporte cara os puntos de exportación do cobre. Tanto o transporte de material como a necesidade de man de obra, repercutirán na mobilidade nas estadas da zona.

Táboa 8. Estradas principais nas inmediacións do proxecto mineiro.

Código da estrada	Tipo de estrada	Conexións
N-547	Rede estatal	Dá acceso á A-54 entre Lugo e Santiago Conecta os núcleo de o Pedrouzo
DP-0605	Estrada da deputación	Conecta a N-542 con DP-6602 e conectando os núcleo de San Miguel e O Castro en O Pino
DP-6602	Estrada propiedade da deputación	Sirve de conexión entre a DP-0605 e o acceso este á explotación. Conecta os núcleos de O Castelo e Quintas
AC-240	Estrada secundaria	Comeza no concello de Vedra e conecta o acceso sur da mina, dá acceso aos núcleo en Touro
DP-6603	Estrada da deputación	Conexión entre a N-547 e a AC-240
A-54	Autovía	Conexión entre a N-547 e a AP-9
A-52	Autovía	Conexión ca AP-9 e o porto de Marín
AP-9	Autoestrada	Servirá para conectar a explotación cos portos de Vilagarcía, de A Coruña e de Marín

O aumento do tráfico virá dado polo tránsito de camións e maquinaria pesada, ademais dos vehículos privados dos traballadores (a promotora estima ao redor de 400 postos de traballo directos e 100 postos de subcontratas). Todo isto supón un aumento da carga sobre os viais, un aumento das emisións de gases de combustión e un aumento do impacto acústico nas vías e nos núcleos de poboación próximos á explotación mineira. Todo isto suporá molestias a veciñanza: inseguridade vial, perda de calidade do aire, desconfort sonoro, molestias na circulación viaria, etc.




Figura 37. Rede de estradas nas inmediacións do proxecto mineiro.

En definitiva, o Concello de Touro advirte das molestias causadas a veciñanza debido ao transporte asociado ao proxecto mineiro, entre elas a inseguridade vial, a perda de calidade do aire, o desconfort sonoro e as molestias na circulación viaria.

2.10.2. A documentación achegada pola promotora non avalía o impacto acústico e a perda de calidade do aire sobre os núcleos de poboacións polos que discorren as rutas de transporte asociadas ao proxecto mineiro.

A explotación mineira proposta por Cobre San Rafael repercutirá na calidade acústica e na calidade do aire nas poboacións próximas ás estradas que servirán de comunicación coa explotación mineira.

O documento titulado "*Análisis de la influencia del tráfico inducido sobre infraestructuras existentes con motivo del inicio de la actividad minera. Mina de Touro*", incluído na carpeta 01 do expediente, indica un fluxo de vehículos derivados da implantación da actividade mineira de: 21 vehículos pesados/día e de 434 vehículos lixeiros/día nas estradas de acceso ao proxecto. O citado estudo estima que a implantación do proxecto suporá un aumento da afluencia de vehículos pesados de entre o 8-12 % con respecto á situación actual nos tramos de acceso dende a N-547 e a AC-240. Isto supoñerá un aumento do impacto acústico nas estradas que comunican coa explotación, situación que non foi analizada pola promotora.

No Anexo 30 "*Estudio del nivel sonoro de las actividades en explotación - Modelización acústica y mapas de ruido, 2021*" estudáronse os impactos acústicos derivados das actividades de extracción dentro do ámbito, só tendo en conta o aumento do tráfico rodado dentro da zona de explotación. Polo tanto, non se valora correctamente a afección acústica que o proxecto terá nas zonas próximas as vías que conectan coa zona de explotación.

Por outra banda, o Anexo 4 ("*INFORME DE RESULTADOS DE LA ESTIMACIÓN DE LA HUELLA DE CARBONO 2021*") e Anexo 31 ("*ESTUDIO DE DIAGNÓSTICO AMBIENTAL ATMOSFÉRICO DE LAS FASES DE CONSTRUCCIÓN Y OPERACIÓN DEL PROYECTO COBRE SAN RAFAEL EN A CORUÑA, 2021*") do EsIA non avalían o impacto da contaminación atmosférica nos núcleos de poboación polos que discorren as rutas de transporte do proxecto mineiro. Unicamente se estuda a afección á atmosfera producida dentro do ámbito de implantación do proxecto de extracción mineira.

En definitiva, o Concello de Touro requírelle a promotora o estudo de afeccións aos núcleos de poboacións (destacan as poboacións de Arinteiro, Os Torreis de Arriba, Os Torreis de Abaixo, As Goritas, A Goleta, Os Bravos, Cruz de Méndez, Mourellos de Arriba, Fonte Díaz e A Xesteira) polos que transcorren as posibles rutas de transporte, dados os previsibles impactos asociados e a perda de calidade acústica e atmosférica.

2.10.3. O expediente non avalía o incremento da inseguridade viaria que pode derivar nun aumento da sinistralidade nas estradas afectados polo proxecto mineiro. Tampouco se avalía o deterioro dos sistemas de comunicación viaria.

Como xa se indicou anteriormente a actividade extractiva suporá un aumento do fluxo de vehículos derivados da implantación da actividade mineira de 21 vehículos pesados/día e de 434 vehículos lixeiros/día. Este aumento no tráfico da zona supón un risco para a poboación, aumentado a probabilidade de ocorrencia de sinistros derivados dun tráfico que non existía con anterioridade na zona

O aumento do tránsito supoñerá tamén un aumento no ritmo ao que se deterioran as vías debido ao paso continuado de vehículos. Moitos dos cales son vehículos pesados que, ademais, transportan cargas moi elevadas o que aumentaría aínda máis a velocidade á que se deteriorarán as estradas. Isto repercute no mantemento frecuente das estradas (incremento dos custos) e na perda de dereitos da poboación, ao empeorar a mobilidade da zona e o risco de accidentes debido á degradación destas estradas.

Por tanto, o Concello de Touro requírelle á promotora o estudo e avaliación da seguridade viaria nas estradas afectadas no municipio.

2.10.4. As alternativas de desvío da estrada que conecta os núcleos de O Pedrouzo e Os Torreis de Abaixo non son viables.

A implantación da explotación mineira supoñerá a ocupación do tramo da estrada que conecta O Pedrouzo (no municipio de O Pino) con Os Torreis de Abaixo (no municipio de Touro) debido a corta e escombreira de Bama-

Brandelos. Trátase dunha vía con suficiente anchura para un carril para cada sentido e que os veciños usan como “atallo”.

No Anexo XXIX “ALTERNATIVAS DESVÍO CARRETERA PEDROUZO-OS TORREIS DE ABAIXO” do Proxecto de Execución, a promotora propón catro alternativas para o desvío do tráfico.




Figura 38. Alternativas de estradas propostas pola promotora.

O obxectivo das alternativas propostas pola promotora é reducir a afección sobre a mobilidade e comprométese a selección dunha alternativa en concordancia cos concellos afectados. Non obstante, revisadas as alternativas propostas, considérase que ningunha delas é capaz de paliar os efectos derivados da eliminación do tramo da estrada obxecto.



Figura 39. Fotografía da estrada que conecta O Pedrouzo con Os Torreis de Abaixo. Vistas dende a localización afectada polo ámbito do proxecto.

- A Alternativa 1 require a adquisición de fincas privadas para a execución do novo vial. Ademais, tomaría un desvío a unha estrada con grandes pendentes, cambios de rasante e puntos cegos que dificultan a conducción e poden supoñer un risco para a seguridade. Polo tanto, considérase inviable.



Figura 40. Fotografía da estrada común a alternativa 1 e 4.

- A Alternativa 2 conta con zonas de risco semellantes as da Alternativa 1, con pendentes e pistas forestais que non son aptas para o nivel de tráfico que recibirá de perderse o tramo afectado. Os tramos que forman parte desta alternativa non se consideran aptos para o aumento do tráfico rodado, especialmente de vehículos pesados que chegarán a este debido á eliminación do outro tramo de estrada. Isto provocaría o aumento dos custos de mantemento destas estradas, custos non asumibles para o concello.



Figura 41. Fotografía da estrada común a alternativa 2 e 4.

- A Alternativa 3 consiste na redirección do tráfico aumentando enormemente o tempo de circulación entre as poboacións, alternativa que non soluciona ningún dos problemas xerados da eliminación do tramo que funcionaba como atallo entre Os Torreis de Abaixo e o Pedrouzo. Este tramo, supoñerá un aumento da presión sobre unha zona que deberá ser acondicionada para o aumento do tráfico, necesitando de unha alta inversión por parte do municipio para adaptar a estrada DP-6603.



Figura 42. Fotografía da estrada considerada alternativa 3, tomada dende a Xesteira cara o norte.

- Alternativa 4: Esta alternativa conta cos mesmos problemas que as alternativas 1 e 2 ao compartir parte do seu trazado.



Figura 43. Estrada común das alternativas 1, 2 e 4.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte de que ningunha das alternativas consegue solucionar o problema da perda dunha vía que serve como atallo, facilitando e reducindo o tempo de desprazamento dos veciños.**

2.11. AFECCIÓNS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

2.11.1. A promotora subestima as afeccións aos valores paisaxísticos, culturais e naturais do Camiño de Santiago (Camiño Francés).

O Camiño de Santiago, concretamente a ruta principal denominada Camiño Francés, transcorre a menos de 2 km ao norte da delimitación da explotación mineira, chegando a atoparse a zona de amortecemento, a menos de 200 m en determinados puntos, como se pode observar no seguinte mapa. Trátase dos últimos 25 km ata a chegada a cidade de Santiago de Compostela.




Figura 44. Camiño de Santiago (trazado, ámbito e área de amortecemento).

Para comprobar o análise realizado pola promotora sobre esta afección, revisouse toda a documentación relativa ao Camiño de Santiago achegada pola empresa (Anexo 27, Anexo 28, Anexo 29 e Anexo 38 do EslA; Anexo 6 do Proxecto de execución).

Se ben o proxecto mineiro non afectará fisicamente ao trazado do Camiño Francés, a posta en marcha do proxecto xeraría igualmente impactos. Afectando a súa esencia como ruta de peregrinación histórica, espiritual e cultural, ademais de prexudicar o atractivo turístico da comarca e da comunidade autónoma. A tala de arboredo, desmontes e terrapléns próximos á ruta xacobeá, alterarían a xeomorfoloxía do territorio e a paisaxe asociada; o que **significaría a perda de autenticidade e integridade do Camiño de Santiago**. Convén sinalar a importancia desta ruta incluída na Lista de Patrimonio Mundial e protexida pola normativa autonómica como Ben de Interese Cultural (BIC) e territorio histórico.

Ademais, o Camiño de Santiago é recorrido por persoas tanto dende a vertente relixiosa como laica, conlevando ambas, unha dimensión espiritual. O peregrino debe poder realizar a súa andaina nun ambiente que lle permita sentir, apreciar e gozar nun entorno físico, paisaxista e ambientalmente ben conservado; así como poder desenvolver plenamente a súa dimensión psíquica e espiritual.

Aínda que a ruta de peregrinación non transcorre polos terreos do ámbito da mina, o necesario transporte da industria ten consecuencias directas para a mesma. Entre os principais impactos destacan: o impacto paisaxístico e visual (visibilidade da explotación); a perda de calidade do aire (malos cheiros, pó en suspensión, gases contaminantes), perda de confort sonoro (voaduras e demais actuación xeradoras de grandes emisións acústicas, tránsito de maquinaria e vehículos pesados), inseguridade vial (incremento do tráfico de vehículos pesados e lixeiros, empeoramento das vías de comunicación, cruzamentos do transporte da industria coa ruta de peregrinación, etc.) e o impacto sobre a socioeconomía (a degradación dos valores pode repercutir no fluxo de peregrinación que repercutirá nos aloxamentos hoteleiros, pensións e albergues, xunto cos demais servizos terciarios).

Neste sentido, a documentación do proxecto mineiro non aporta un estudo detallado das devanditas afeccións, unicamente traslada que a ruta de peregrinación é cara o oeste e polo tanto consideran que os peregrinos non visualizan a explotación mineira de fronte. Se ben a visión non é frontal, existe igualmente unha afección visual cara os visitantes que realizan a ruta peregrina.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte que o Camiño de Santiago é un motor económico de municipios rurais como o de Touro**, a posta en marcha da mina obxecto, supoñería unha afección severa. A promotora **subestima as afeccións aos valores da ruta de peregrinación histórica, espiritual e cultural**.

2.11.2. A promotora non estuda as afeccións aos valores do Camiño de Santiago (Camiño Francés) relativos a inseguridade viaria.

No Anexo 6 “ACCESO Y ALTERNATIVAS DE TRANSPORTE” do Proxecto de Explotación, relátanse os destinos dos vehículos que teñen como punto de partida a mina de Touro: Vilagarcía, Marín e A Coruña; e tamén as estradas empregadas para chegar a estes destinos.

Non obstante, non se detallan as rutas de transporte asociadas ao proxecto mineiro. Así indícase que se transitará por <<Tramo de la carretera DP-6602, que discurre por el este de la explotación, hasta su entronque con la carretera CP-0605, por la que se circulará hasta su conexión con la nacional N-547, por la que se transitará hasta conectar con la A-54>> (Anexo 6 do PE, p. 23). A non concreción da ruta abre varias posibilidades, provocando todas elas afeccións negativas ao Camiño Francés e xerando puntos de risco para a seguridade dos peregrinos (o tráfico rodado xerado será significativo).

Tal como se pode observar na figura seguinte, as posibles rutas son:

1. Recorrer 500 metros pola N-547 dirección Arzúa e empregar unha vía de acceso á A-54.
2. Recorrer a N-547 dirección Santiago de Compostela ata que esta estrada conecta coa A-54.

Na primeira opción, os camións teñen que compartir o tramo de 500 metros cos peregrinos, ademais de cruzar as dúas vías e o espazo de tránsito destes. Para logo coller o desvío cara o norte, correspondente coa vía de acceso á A-54.

Na segunda opción, os transportistas deben recorrer máis de 8 km pola N-547 ata poder enlazar coa A-54. Neste caso, os peregrinos non comparten estrada pero, no devandito tramo deben cruzar a N-547 en cinco ocasións. Ademais, esta ruta atravesa núcleos de poboación como O Pedrouzo, zona de descanso para os peregrinos, así como para a propia poboación local. Convén sinalar que O Pedrouzo (cuxa economía reside principalmente no sector servizos enfocado ós peregrinos) encóntranse na última parada da experiencia que supón a realización do Camiño, antes de chegar a Santiago.



Figura 45. Zonas de afección ao Camiño de Santiago por aumento do tráfico de vehículos pesados.

En definitiva, o Concello de Touro advirte da falta de información sobre as rutas de transporte asociadas ao proxecto mineiro, así como da grave afección para a seguridade viaria dos peregrinos e o consecuente prexuízo da experiencia que pode repercutir na economía da zona.

2.11.3. A promotora subestima as afeccións aos valores da ruta histórica “Camiño de Quión a Arca” do Camiño de Santiago.

Ademais do itinerario principal do Camiño de Santiago tense constancia da existencia dun ramal histórico da Vía Xacobeá nas inmediacións do proxecto mineiro. Trátase do camiño catalogado como “Camiño Histórico PACH-1/TCAH-2 Camiño de Quión a Arca”. Esta catalogación procede do proxecto autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no ano 2018 con código ED 102A 2018/075-0. O trazado unía Arzúa e Amenal pasando por Quión e Arca, e foi recollido na cartografía de Domingo Fontán do ano 1845.

O citado camiño foi catalogado como vía cultural conforme o artigo 10 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* que define esta categoría como <<vía ou camiño de características orixinais recoñecibles que forma parte ou que o formou no pasado da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico>>. Debido a esta catalogación, conta cunha protección de 30 m a cada lado do camiño.

No Anexo 27 do EslA (EslA29 – Anexo 27 – Valoración del Impacto Patrimonial Cultural) sinálase que a distancia entre o ámbito do proxecto mineiro e a vía cultural é de 52 m, producíndose unha interferencia física/visual motivada pola escrombreira PAG (Potencialmente xeradores de drenaxe aceda). Finalmente, determinan que a incidencia física é baixa, considerando que <<o perímetro da explotación linda a contorna de protección do ben>> e <<queda fóra do contorno de protección establecido de 30 m>>.



Figura 46. Ramal histórico da Vía Xacoba. Fonte: EsIA29 – Anexo 27 – Valoración del impacto sobre el patrimonio cultural del "Proyecto Cobre San Rafael" (Touro-O Pino, A Coruña) .

Neste sentido, considérase que aínda que o ámbito do proxecto se sitúe fóra dos 30 m de protección directa, a proximidade da escombreira PAG é evidente, tal como recolle a propia cartografía achegada pola promotora. Ademais, a propia escombreira se sitúa de xeito paralelo ao camiño histórico; e o ámbito do proxecto mineiro é completamente paralelo nunha distancia de 1 km.



Figura 47. Camiño Histórico PACH-1/TCAH-2 Quión a Arca. Fonte: TYSGAL, 16/12/2024.

A propia documentación achegada pola promotora, nas seccións de visibilidade da escombreira PAG e este camiño conclúen a total afección visual que xeraría o proxecto mineiro sobre esta ruta histórica.




Figura 48. Seccións de visibilidade dende o camiño Quión-Arca cara a escombreira PAG. Fonte: EsIA29 – Anexo 27 – Valoración del impacto sobre el patrimonio cultural del "Proyecto Cobre San Rafael" (Touro-O Pino, A Coruña) .

No Anexo 38 do EslA indícase que a devandita área de protección de 30 m a cada lado foi respectada no deseño do proxecto, considerando que non se produce afeccións dos elementos do proxecto. Non obstante, tamén se indica que o camiño de Quión a Arca caracterízase por manter o trazado orixinal e atoparse sen asfaltar. Propoñendo como única medida preventiva, preservar a vexetación da marxe sur da área de protección do citado camiño, para que actúen como apantallamento natural.

Sobre esta afección, ICOMOS⁸-España (comité asesor da UNESCO), durante o sometemento a exposición pública do proxecto de explotación mineiro Cobre San Rafael no ano 2017, presentou un [Informe](#) sobre as incidencias nos valores patrimoniais culturais do Camiño de Santiago (Camiño Francés) que se producirían no caso de realizarse o devandito proxecto. Deste xeito, ICOMOS-España afirmaba: << *Su situación en el límite de la explotación minera de Touro implica que su autenticidad e integridad puedan verse afectadas por la instalación de la escombrera PAG Monte das minas* >>. Ademais, subliñaban que este tramo debería ser declarado como territorio histórico para poder recuperar a función como camiño de peregrinación, restaurando os tramos degradados.

Tal como recoñece ICOMOS-España, actualmente o tramo Quión-Arca non se atopa protexido pola zona de amortecemento do itinerario principal do Camiño de Santiago, a pesar de cumprirse os requisitos para tal fin. Así, na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*, no seu artigo 73 establécese que <<3. Poderán ser recoñecidas como Camiño de Santiago aquelas rutas das que se documente e xustifique convenientemente a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago de Compostela e a súa influencia na formalización da estrutura do territorio polo que transcorren>>. Neste contexto, hai que resaltar que, en diversos tramos, outros camiños históricos foron incluídos na delimitación desta ruta principal, como os

⁸ [ICOMOS](#) (Consejo Internacional de Monumentos y Sitios) é unha organización internacional non gubernamental asociada coa UNESCO e que en España está representada polo Comité Nacional Español (ICOMOS-España).

localizados nos termos municipais de Samos e Sarria. Situación que prexudica a protección do ramal Quión-Arca, cando este se sitúa a poucos metros da zona de amortecemento.

Así, ICOMOS-España sentencia o seguinte: <<De haberse adoptado la solución de los ramales de Samos y Sarria, o resuelto mediante una zona de amortiguamiento amplia que cubriera el Camino histórico y la ladera de la montaña, se protegerían adecuadamente los valores culturales del bien en relación con su implantación en el territorio, así como la autenticidad y la integridad del Camino principal y su ramal y, éste último, no se vería afectado gravemente por el proyecto minero que amenaza la destrucción de una parte del mismo por la formación de una gran escombrera que lo sepulta>>.

En definitiva, o **Concello de Touro insta á Dirección de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a protexer o devandito “Camiño Histórico PACH-1/TCAH-2 Camiño de Quión a Arca”**, considera necesario que este sexa **recoñecido como ramal histórico do Camiño Francés, e dotado de contorno de protección e área de amortecemento específicos para preservar tódolos seus valores culturais, espaciais e ambientais. O proxecto mineiro é incompatible coa conservación do camiño histórico, dado que degradaría o tramo e imposibilitaría a recuperación e uso desta ruta de peregrinación histórica.** Así mesmo, convén sinalar que o proxecto elimina o miradoiro de O Picón que contribúe a posta en valor da devandita ruta.

2.12. AFECCIÓNS SOBRE A SOCIOECONOMÍA

2.12.1. Afección ao sector agrogandeiro e forestal debido ao cambio nos usos do solo e as demais implicacións da instalación do proxecto mineiro.

O ámbito do proxecto abrangue terreos de extracción mineira e uso industrial, e terreos de uso agrogandeiro e forestal, así como bosques naturais, tal como se indica na documentación aportada pola promotora.




Figura 49. Usos do solo segundo o EIIP. Fonte: EIIP do EsIA do proxecto mineiro.

Non obstante, a promotora obvia a afección aos sectores agrogandeiro e forestal, considera que os terreos de uso agrícola son minoritarios no ámbito do proxecto e sinala que trala restauración das superficies, estas poderán destinarse no futuro á agricultura, gandería e explotación mineira. Neste sentido, convén sinalar a **falta de planificación e seguridade nas propostas da empresa promotora**, que sinala o seguinte:

<<Dicha modificación⁹ será temporal, asociado a la vida útil del proyecto, restituyendo y mejorando la situación original de los terrenos y devolviendo el aprovechamiento agrícola-ganadero, en caso de ser demandado tras la clausura del proyecto. Considerando que las condiciones socioeconómicas son cambiantes, los usos finales se considerarán en el plan de cierre y clausura final.>>

⁹ Refírese a modificación dos usos agrogandeiro e forestal para aproveitamento dos recursos minerais.

A nivel territorial e tendo en conta os usos do solo, a presenza do sector primario é evidente, cuxa especialización é a gandería (bovina, e secundariamente a porcina). Consecuentemente, os cultivos están orientados á alimentación do gando, destacando as plantacións forraxeiras e os prados. Neste sentido, a superficie actualmente dedicada a terreos de cultivo forraxeiro é relevante na superficie total do ámbito do proxecto. Ademais da perda de base territorial para as explotacións gandeiras, o aproveitamento mineiro constitúe unha grave e potencial afección sobre as augas de subministro das explotacións (tanto na calidade como na cantidade de auga) e sobre o benestar animal (ruído, vibracións, pó en suspensión, subministro de auga e alimentación, etc.) que en consecuencia repercuten no descenso da produción. Tendo todo isto unha repercusión nos custes das explotacións do sector primario.

Igualmente, considérase que a afección ao sector forestal ten relevancia debido aos serradoiros e actividade asociada existentes no municipio e aos numerosos propietarios das plantacións, cuxa economía familiar se vería afectada pola perda de superficie forestal (tanto polo rendemento periódico como polo aproveitamento directo).

En definitiva, **o Concello de Touro considera que as repercusións negativas para a actividade agrogandeira e forestal do municipio e comarca son relevantes**, tendo en conta ademais as propostas vagas da promotora como medidas compensatorias.

2.13. AFECCIÓNS SOBRE A PAISAXE

2.13.1. O EIMP non achega infografías ou simulacións das actuacións nas distintas fases do proxecto.

O “Estudio de Impacto e Integración Paisajística” do proxecto mineiro (EslA31_BIS_Anexo 29_ESTUDIO IMPACTO A INTEGRACIÓN PAISAJE) non aporta infografías ou simulacións das actuacións mineiras nas diferentes fases do proxecto. Non obstante, noutro documento do EslA, concretamente o Estudo do nivel sonoro aparecen algunhas simulacións dalgunhas fases do proxecto.

Por tanto, **o Concello de Touro considera que o estudo relativo as afeccións e integración da paisaxe do proxecto debe achegar simulacións da aparencia do proxecto de extracción mineira en tódalas fases do proxecto**, tendo en conta que como mínimo serán 13 anos de proceso produtivo activo. Así mesmo, debe achegar simulacións das actuacións previas e das diferentes etapas do proceso de restauración.

2.13.2. O EIMP non aborda correctamente tódalas compoñentes da paisaxe. Ademais, só se realizou un EIMP para o proxecto da mina, deixando sen analizar a integración paisaxística da LAT.

O “Estudio de Impacto e Integración Paisajística” do proxecto mineiro non analiza detalladamente tódalas variables e elementos que conforman a paisaxe do lugar. A paisaxe pode definirse como a percepción que se posúe dun sistema ambiental (Fabio A. Solari e Laura Cazorta, 2009) e implica a participación dos cinco sentidos humanos: tacto, olfacto, vista, audición e gusto. A paisaxe é <<a área na que conviven os trazos naturais así como os influenciados polo home e que da lugar a unha percepción visual e mental tanto individual como colectiva do conxunto dese espazo>> (Abad Soria e García Quiroga, 2006).

Os impactos producidos polos rúidos, vibracións e cheiros tan só aparecen citados na documentación ambiental do proxecto Cobre San Rafael, sen profundizar nos mesmos. Ademais, as medidas de protección e correctoras formuladas no EIMP están principalmente centradas no impacto visual do proxecto. Polo tanto, non hai medidas para protexer á poboación (e tampouco

á fauna) da contaminación acústica, alteración da calidade do aire (cheiros, pó en suspensión, etc.) derivados da actividade mineira.

Por outra banda, o estudo de impacto e integración paisaxística tan só se realiza para o proxecto mineiro. Non se realiza un estudo para a Liña de alta tensión aérea e subterránea 66 kV de subestación Portodemouros a subestación Touro e a Liña de alta tensión aéreo subterráneo 66 kV de subestación Touro á subestación Mina San Rafael. Tampouco se realiza un EIIP da sinerxía de todos os proxectos anteriormente citados (mina e liñas eléctricas).

2.13.3. O proxecto elimina o miradoiro de O Picón, afectando a senda panorámica de O Picón.

Existen tres miradoiros dende os cales se ten unha panorámica excelente da comarca. Trátase dos miradoiros de O Coto de San Sebastián, o de Pena (ambos situados no concello de Touro) e o de O Marco (tamén chamado Miradoiro O Picón, situado en O Pino). Dende este último é posible visualizar Bamela, o aeroporto de Santiago Rosalía de Castro e o núcleo de O Pedrouzo.



Figura 50. Miradoiro O Marco localizado no límite dos concellos de Touro e O Pino. Fonte: TYS&AL, 16/12/2024.

O miradoiro de O Marco está localizado na zona de afección das novas labores de explotación da mina, situándose nunha zona de corta, polo que directamente desaparecería. Neste sentido, convén recordar a relevancia do Pedrouzo como lugar dormitorio do Camiño de Santiago, polo que a desaparición deste miradoiro tería repercusións na calidade paisaxística deste núcleo.

No EIIP non se analiza o impacto do mesmo nin se propoñen medidas para evitar ou mitigar o impacto sobre dito miradoiro, a pesar de supor un fito no sendeiro panorámico de O Picón.

En definitiva, **o Concello de Touro advirte da eliminación do miradoiro de O Marco** e da desaparición deste fito, polo que o **impacto severo e irreversible**.




Figura 51. Localización da senda panorámica O Picón e do miradoiro O Marco en relación co proxecto Cobre San Rafael.

2.13.4. Afeción ao miradoiro Couto de San Sebastián designado polo Catálogo de Paisaxes de Galicia

O Miradoiro do Couto de San Sebastián é un dos valores panorámicos da zona de implantación de mina segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia. Dende o miradoiro pódense ver con claridade o Pico Sacro, o aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro (Lavacolla), varias parroquias do Concello de Touro e as serras próximas do Farelo, Candán e Barbanza. En días despexados e con axuda duns prismáticos pode albiscarse algún dos picos do Ancares.

Ademais destes fitos paisaxísticos de gran valor, dende o Couto de San Sebastián son totalmente visibles as cortas, escombeiras e os depósitos de estériles así como as formas liñais derivadas da actividade mineira anterior.



Figura 52. Vistas cara o talud existente da antiga mina dende o Couto de San Sebastián. Fonte: TYSGAL, 16/12/2024.

A nova actividade mineira centrarase na explotación dos recursos que aínda existen na zona. Nalgúns casos será unha continuación do xa explotado e en outros procederase á apertura de novos ocos que serán novamente visibles dende o Couto de San Sebastián.

No citado coto está documentado un Castro da Idade de Ferro de forma ovalada, composto por un recinto definido por un terraplén e unha terraza a xeito de antecastro na parte norte; ademais das tres covas. Dende esta paraxe pódese avistar a localización do asentamento militar romano do Castrillón.

Por tanto, **o Concello de Touro advirte da afección ao miradoiro do Couto de San Sebastián coa implantación do proxecto mineiro.**

2.13.5. Afeccións ó asentamento militar romano do Castrillón.

Situado fronte ó Couto de San Sebastián, e separado deste polo rego Pucheiras, atópase o alto do Castrillón, no que existen xacementos arqueolóxicos que foron obxecto de investigación polo colectivo Roman Army baixo iniciativa e colaboración de varias administracións públicas como a Deputación da Coruña e o Concello de Touro.

A principal hipótese apunta a que O Castrillón foi un pequeno posto militar do exército romano vinculado ó control de amplas zonas do territorio, dominando os vales do Pucheiras e do Brandelos dirección ó sur e río Ulla, e trataríase do primeiro castellum romano documentado na Galicia occidental.

Este asentamento ubícase a menos de 1km do ámbito de actuación da explotación mineira, en concreto do sector mineralizado de Bama-Brandelos. A explotación mineira afectaría directamente ó dominio visual cara ó norte do asentamento romano, os impactos sonoros durante a explotación serían considerables e a afección ás augas do rego Pucheiras completarían o impacto ambiental sobre o conxunto arqueolóxico que conforman o Castro do Couto de San Sebastián e o Campamento Romano do Castrillón.

Polo que **o Concello de Touro advirte que o proxecto presentado** a trámite non contempla a existencia do campamento romano do Castrillón nin os seus impactos, e que **é incompatible coa posta en valor do xacemento.**

2.13.6. Afeccións aos valores da ruta cicloturística Eurovelo.

A Ruta Eurovelo é unha ruta cicloturística internacional que en España conta con tres recorridos: a Ruta da Costa Atlántica (EuroVelo 1), a Ruta do Mediterráneo (EuroVelo 8) e a Ruta dos Peregrinos (EuroVelo 3). Esta última comeza en Noruega e remata en Santiago de Compostela.

A ruta EuroVelo3 ao seu paso polo municipio de Touro discorre pola AC-240, estando desenvolvida, sinalizada e en funcionamento. A implantación do proxecto mineiro e as súas rutas de transporte asociadas, repercutiría negativamente no uso desta estrada. Xeraría inseguridade viaria para os ciclistas (risco de accidente, incremento de tráfico), perda de calidade sonora, impacto visual, etc, que implican o deterioro dos valores ambientais e sensoriais nos que se basean os estándares de calidade para o mantemento da oficialización da ruta, e do seu emprego polos cicloturistas.

O Concello de Touro vén traballando no desenvolvemento do potencial turístico no territorio ligado á devandita ruta, tanto con inversións efectuadas (publicación de artigos en guías turísticas internacionais) como futuras (proxectos de dinamización da ruta e do tecido turístico do Concello de Touro).

En definitiva, **o Concello de Touro advirte da incompatibilidade da explotación mineira coa ruta EuroVelo 3.**

3. CONCLUSIONES

En vista de todo o exposto, conforme ao principio de acción preventiva e cautelar da normativa de avaliación ambiental, e conforme a procura do benestar da veciñanza do concello de Touro conclúese o seguinte respecto do proxecto Cobre San Rafael:

- O territorio galego non conta cun Plan Sectorial de Actividades Extractivas aprobado nin sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE).
- O órgano ambiental debe resolver a **inadmisión a trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto Cobre San Rafael**, dado que un proxecto substancialmente análogo ao presentado xa recibiu unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable.
- O proxecto **impide realizar unha restauración ambiental** a curto prazo, nun espazo con condicións ambientais en estado moi grave que precisan ser revertidas con urxencia. Impide recuperar o benestar da veciñanza.
- **Máis de 670 de veciños de Touro e O Pino residen a menos de 500 m do ámbito de actuación do proxecto.** A proximidade dos núcleos de poboación implica **efectos negativos significativos no benestar da veciñanza**: perda de calidade acústica, perda de calidade do aire, inseguridade vial, impacto visual e paisaxístico, riscos asociados á instalación das balsas, afeccións aos sistemas de abastecemento de auga, etc.
- A rede municipal de abastecemento de auga de Touro non cubre a demanda solicitada pola promotora do proxecto mineiro.
- O proxecto **afecta ás captacións de abastecemento de auga da zona**, as pertencentes a traída municipal de Touro, así como captacións privadas e veciñais. A promotora non identifica nin avalía esta afección.
- O proxecto provoca **afeccións directas severas á rede fluvial** da zona que verte as súas augas ao río Ulla (**ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza**, espazo da **Rede Natura 2000**) e ao **ciclo hídrico**.

- O proxecto provoca limitacións nos aproveitamentos dos terreos afectados, con **implicacións negativas no sectores agrogandeiro e forestal**.
- O proxecto sería un **gran emisor de gases de efecto invernadoiro**, non permite a mitigación do Cambio Climático.
- O proxecto xera afección sobre os valores paisaxísticos, culturais e naturais do **Camiño de Santiago**, afectando ao **turismo**.
- O proxecto xera afección sobre a **calidade paisaxística** da zona. Afecta a núcleos de poboacións próximos. Afecta ao Miradoiro do Couto de San Sebastián e elimina o Miradoiro de O Picón.
- O proxecto xera afección sobre os valores da ruta cicloturística Eurovelo.
- A **documentación presentada pola promotora resulta insuficiente** como para aportar resultados concluíntes e garantistas, dada a falta de información, estudo e análise de varios aspectos relevantes. Considérase necesario que a promotora resolva as deficiencias sinaladas e o EslA se complete co seguinte:
 - Cartografía en formato dixital vectorial compatible con SIX.
 - Estudo de afeccións a bens de titularidade municipal: vertedoiro.
 - Alternativa de desvío da estrada que conecta os núcleos de O Pedrouzo e Os Torreis de Abaixo viable.
 - Análise completa da alternativa cero.
 - Reportaxe fotográfica completa.
 - Planos do Proxecto de Execución con lendas.
 - Autoría, titulación e profesión regulada das persoas autoras do Anexo 29 EIIIP do EslA. Así como a inclusión de infografías ou simulacións das actuacións do proxecto nas diferentes fases.
 - EIIIP da liña de alta tensión de subministro.
 - Corrección das erratas nos proxectos técnicos das liñas eléctricas de subministro.
 - Inclusión de tódolos pasivos ambientais da anterior mina no ámbito do proxecto.

- Estudo de efectos sinérxicos e acumulativos con outros proxectos incluídos no ámbito do proxecto (producción de áridos, produción de tecnosoles, etc.) así como outros proxectos en tramitación na contorna ou con impactos asociados (como, o proxecto GAMA).
- Estudo multidisciplinar das afeccións aos valores do Camiño de Santiago (tanto para o Camiño Francés como para a ruta histórica de Quión a Arca).
- Informe sobre as patoloxías perigosas para a saúde derivadas da minería.
- Estudo epidemiolóxico.
- Estudo das afeccións aos antigos vertedoiros existentes no ámbito, incluído o vertedoiro municipal selado e clausurado.
- Estudo de fauna baseado en traballo de campo, e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza de quirópteros e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza do furapreseiras (*Galemys pyrenaicus*) e avaliación dos impactos.
- Estudo específico da presenza do coleóptero *Silphotrupes punctatissimus* e avaliación dos impactos.
- Plan de xestión e erradicación de especies vexetais exóticas invasoras.
- Estudo da aplicación dos tecnosolos (ámbito de aplicación, metodoloxía, etc.).
- Plan de evacuación da poboación en caso de rotura das balsas.
- Estudo da afección á calidade do aire, confort sonoro e seguridade vial sobre os núcleos de poboación polos que discorren as rutas de transporte asociados ao proxecto.

Polo exposto no presente documento e trala análise da documentación do proxecto sometido a exposición pública, **o Concello de Touro conclúe que o proxecto presentado, no caso de ser admitido a trámite, debe recibir unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable.**